

O MONTE GALEGO DO SÉCULO XXI

DOCUMENTO 31 / 2020

EDITORES:
ALBINO PRADA
EDELMIRO LÓPEZ IGLESIAS

O MONTE GALEGO DO SECULO XXI

EDITORES:

ALBINO PRADA E
EDELMIRO LÓPEZ IGLESIAS

ÍNDICE

Introdución

O papel do monte na Galicia do século XXI: diagnóstico xeral e cuestións para o debate

Albino Prada e Edelmiro López Iglesias

Primeira parte

O monte como espazo produtor de madeira: modelos produtivos, diversificación e ordenación de especies forestais

Eduardo Corbelle Rico (Universidade de Santiago de Compostela)

Segunda parte

O potencial do monte para a produción doutros bens e servizos destinados ao mercado

Damián Copena (Universidade de Oviedo)

ANEXO I Tres exemplos de interese

CMVMC de Couso (Gondomar)

Monte Cabalar (A Estrada)

Abonos Lourido

Terceira parte

Relevancia das funcións ambientais, paisaxísticas e como espazo de ocio das terras de monte. Como retribuír estas funcións non remuneradas polo mercado?

María Xosé Vázquez (Universidade de Vigo)

ANEXO II.1 O papel da cuberta vexetal na conservación de cauces fluviais

José Carlos Bueno Gómez (Confederación Hidrográfica do Miño-Sil)

María Esther de Castro Arriba (Confederación Hidrográfica do Miño-Sil)

ANEXO II.2 Xestión transfronteiriza para a conservación da biodiversidade

José A. Amoeiro Mosquera (Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés)

ANEXO II.3 O monte, a nosa historia viva. Arqueoloxía e patrimonio natural

Xosé Lois Vilar Pedreira (Instituto de Estudos Miñoráns)

Xilberte Manso de la Torre (Instituto de Estudos Miñoráns)

Conclusións xerais e propostas

Edelmiro López Iglesias e Albino Prada

RESUMO EXECUTIVO

Entre 1950 e 2019 a poboación ocupada no sector agrario galego pasou de máis de 800.000 a menos de 50.000 persoas. Cifra esta última que contrasta cos máis de millón e medio de propietarios de parcelas rústicas, e co descoñecemento do número real de propietarios de montes pero que con toda probabilidade superan o millón.

Simultaneamente, o uso arborado dos montes (pinaster e logo eucalipto) toma pulo dende 1950 ata hoxe, ao tempo que os usos non arborados entran en declive (leñas, estrume, pastos, etc.) o que provocou unha crecente acumulación de biomasa nestas superficies. Nese contexto non sorprende que se fora configurando unha elevada dependencia das importacións para abastecer a demanda de produtos para a alimentación animal.

No período 1960-2010 a superficie queimada acada a dramática cifra equivalente ao total da superficie forestal de Galicia (2 millóns de ha), incidindo especialmente nos montes non arborados. Flora, fauna, erosión, contaminación (aire, cursos de auga), paisaxe e variados produtos e servizos vense afectados. Os gastos en extinción están a ser millónarios e crecentes.

En contraste coa crise dos usos tradicionais do monte, dende a segunda metade do século XX en moitas concas hidrográficas dos nosos montes foron construíndose encoros hidroeléctricos, hoxe sobradamente amortizados, e máis recentemente aproveitamentos

eólicos e de biomasa para xerar enerxía. Capacidades de enerxías verdes e renovables que non reverten a día de hoxe a maior parte das súas rendas no medio rural. Tamén foron tomando corpo valores recreativos, turísticos, de patrimonio arqueolóxico ou do propio patrimonio natural e da súa biodiversidade.

É neste contexto que se considerou de interese unha Xornada para debater sobre os usos dos montes que permitan unha multifuncionalidade ao servizo do benestar social no rural galego do século XXI. Na procura de propostas concretas que permitan multiplicar as boas prácticas que xa hoxe están a abrir novos camiños.

Os traballos que se recollen nesta publicación, derivados desa Xornada, están organizados en tres áreas de reflexión. Unha primeira sobre os usos madeirables, que incide sobre as perspectivas dunha maior diversificación de especies e de criterios de xestión. Diversificación necesariamente asociada a novas cadeas e produtos industriais da primeira e segunda transformación da madeira. A segunda área de reflexión refírese a todas aquelas funcións (concretadas en moi diversos bens e servizos) que, tendo como base as terras a monte, contan con mercados e prezos para remuneralas. Na terceira e última área de reflexión abórdanse as funcións ambientais, paisaxísticas e de lecer que non son remuneradas polo mercado.

As análises poñen de manifesto que, á hora de abordar o futuro das terras

de monte en Galicia, estas non poden seguir contemplándose só desde unha perspectiva sectorial forestal. O enfoque adecuado, ás tendencias a nivel europeo e ás demandas da sociedade, é concibir o monte como elemento do desenvolvemento rural e da ordenación do territorio (unha óptica rural-territorial).

No relativo aos usos, é necesario (re) construír un aproveitamento multifuncional das terras de monte, non como o que había no sistema agrario tradicional, senón adaptado ás condicións e demandas actuais da sociedade. Nese aproveitamento han de ter cabida usos moi diversos: obtención de madeira a partir de especies de crecemento rápido, produción de madeiras de calidade, gandería extensiva, pequenos froitos, aproveitamento da biomasa e outras fontes de enerxía renovable, funcións ambientais, fins recreativos e como espazo de lecer. Todos eses usos son compatibles, pero cunha adecuada ordenación.

Deses diversos usos, os que implican a produción de bens e servizos para o mercado teñen que ser retribuídos polo mercado. Polo tanto, ben sexan os propietarios das terras ou outras persoas ou empresas, deben ser capaces de elaborar produtos en condicións adecuadas de calidade e prezo. Pero existen funcións das superficies de monte cada vez máis demandadas (ambientais, sociais) que non remuneran o mercado. En consecuencia, estas teñen que ser retribuídas polo conxunto da sociedade a través de transfe-

rencias públicas.

O desexable é que a mellora da ordenación e xestión das superficies de monte se acompañe dunha revitalización demográfica e socioeconómica das áreas rurais e se apoie nela. Pero hai que ter claro que a relación entre ambos procesos non é actualmente directa nin simple. Non existe unha relación directa e simple entre despoamento e abandono de terras; nin tampouco, en sentido contrario, entre dinamismo demográfico das áreas rurais e adecuado aproveitamento das superficies.

Un elemento esencial que condiciona a xestión das terras de monte en Galicia é a estrutura da propiedade, unida ao marco institucional sobre os dereitos asociados á propiedade da terra. Neste aspecto é necesario distinguir tres tipos de superficies de características diferentes, que se enfrontan a problemáticas tamén diferentes: superficies de monte particular integradas en explotacións agrarias (unhas 240.000 ha); terras de monte particular pertencentes a propietarios non agricultores (1.150.000 ha); montes veciñais en man común (MVMC), terras de propiedade privada colectiva pertencentes a unhas 3.000 comunidades que suman 663.500 ha.

Dadas as deficiencias que presenta a xestión das terras de monte, resulta imprescindible unha reforma estrutural adaptada ás necesidades actuais. Reforma non centrada na propiedade, senón nos usos; que, sen alterar a distribución da propiedade, impulse a

mobilización produtiva e un adecuado aproveitamento destas superficies. As medidas deben estar presididas por catro directrices:

a. Unha ordenación efectiva dos usos do solo, que delimite as terras urbanizables, as de vocación forestal —cunha ordenación por especies— e as reservadas para cultivos e pastos.

b. A configuración, na lexislación e nas políticas públicas, dun novo equilibrio entre propietarios e usuarios das terras. Un novo equilibrio que priorice os proxectos de aproveitamento (acordes coa ordenación de usos), fronte aos dereitos de propiedade.

c. A coherencia dos incentivos das distintas políticas públicas, corrixindo a fragmentación e contradicións entre as políticas sectoriais que seguimos encontrando na actualidade.

d. Dado que a inmensa maioría das superficies de monte en Galicia son de propiedade privada, a mellora do seu aproveitamento debe ser protagonizada pola iniciativa privada. Pero isto debe acompañarse dunha xestión pública directa, pola Xunta de Galicia, de determinadas superficies, como os MVMC abandonados para os que non existan outras alternativas ou certos espazos naturais protexidos.

INTRODUCCIÓN

O PAPEL DO MONTE NA GALICIA DO SÉCULO XXI: DIAGNÓSTICO XERAL E CUESTIÓNS PARA O DEBATE

ALBINO PRADA E EDELMIRO LÓPEZ IGLESIAS

Segundo o valioso documento elaborado en 2018 pola COMISIÓN ESPECIAL DE ESTUDO E ANÁLISE DAS REFORMAS DA POLÍTICA FORESTAL do Parlamento Galego¹, entre 1950 e 2015 a poboación ocupada no sector agrario galego pasou de máis de 800.000 a menos de 50.000 persoas (14). Cifra esta última que contrasta cos máis de millón e medio de propietarios de parcelas rústicas (144), e co descoñecemento do número real de propietarios de montes (145) pero que con toda probabilidade superan o millón.

Simultaneamente, o uso arborado dos montes (pinaster e logo eucalipto) toma pulo dende 1950 ata hoxe (167), ao mesmo tempo que os usos non arborados entran en declive (leñas, estrume, pastos, etc.) (14, 127) o que provocou unha crecente acumulación de biomasa forestal nos montes.

No período 1960-2010 a superficie queimada acada a dramática cifra equivalente ao total da superficie forestal de Galicia (2 millóns de ha) (14), incidindo especialmente nos montes non arborados. Flora, fauna, erosión, contaminación (aire, cursos de auga), paisaxe e variados produtos e servizos vense afectados. Os gastos en extinción (medios e personal) están a ser millonarios e crecentes, sendo asumidos sobre todo pola administración autonómi-

ca e en menor medida pola local (43-48).

A fragmentación da propiedade privada e a deficiente xestión da comunal son atrancos institucionais e síntomas do abandono do rural (78). Iso “minora a rendibilidade das explotacións dificultando a súa viabilidade e favorece o abandono de parcelas, propiciando así un exceso de biomasa e matogueira ... unha parte importante do noso monte non é obxecto de silvicultura adecuada, con abundancia de matogueira que crece indiscriminadamente” (140 e 148).

Sendo así que só un 10% das terras de monte poden cualificarse de monte ordenado (128, 176, 187) e menos aínda as que poden cualificarse baixo unha xestión forestal sostible (179). Obsérvanse escasos tratamentos silvícolas das masas arboradas (79) e tamén un limitado cumprimento das obrigas de ordenación existentes (119).

Na actualidade un total de 254.622 hectáreas de montes veciñais en man común (o 38,2% da súa superficie) son xestionados pola Dirección Xeral de Ordenación Forestal mediante o sistema de convenios ou consorcios (150 e 175).

Neste contexto non sorprende que se anote en Galicia unha elevada dependencia do mercado internacional para abastecer a demanda de produtos para a ali-

1- As páxinas entre paréntese fan referencia a este documento.

mentación animal (153). Non se “producen as forraxes necesarias para alimentar as cabezas de gando, obrigando a recorrer a compras externas que supoñen un incremento de custos, en moitas ocasións inasumibles” (183).

Dende os anos 1950 en non poucas concas hidrográficas dos nosos montes foron construíndose encoros hidroeléctricos, hoxe sobradamente amortizados, e máis recentemente aproveitamentos eólicos e de biomasa para xerar enerxía. Capacidades de enerxías verdes e renovables (auga, vento e sol) que non reverten a día de hoxe a maior parte das súas rendas no medio rural.

Tamén foron tomando corpo valores recreativos, turísticos, de patrimonio arqueolóxico ou do propio patrimonio natural e da súa biodiversidade. Valores de uso ou de existencia, ás veces con prezos e mercados e moitas outras dependendo do sector público, que non sempre son compatibles cos usos madeirables máis intensivos e, menos aínda, co abandono das terras de monte.

É neste contexto que se considerou de interese unha Xornada para discutir sobre os usos dos montes que permitan unha diversificación e multifuncionalidade ao servizo do benestar social no rural galego do século XXI. Na procura de **propostas concretas que nos permitan multiplicar as boas prácticas que xa hoxe están a abrir novos camiños no uso dunha parte maioritaria da superficie do país.**

Para organizar a Xornada os dous coordinadores concordamos en que se facían precisas ao menos tres áreas de reflexión.

Unha **primeira** sobre os usos arborados e/ou madeirables, que incidira sobre as perspectivas dunha maior diversificación de especies e de criterios de xestión. Unha diversificación necesariamente asociada a novas cadeas e produtos industriais derivados da primeira e segunda transformación da madeira. Eduardo Corbelle Rico da USC, que ten diagnosticado e zonificado os actuais usos arborados, é o encargado de achegarnos unha panorámica e diagnóstico global. A súa abordaxe complementouse na Xornada con dúas aportacións diversas e de enorme interese: a de Elier Ojea, presidente da Federación de Aserraderos y Rematantes de Galicia (FEARMAGA); e a experiencia da CMVMC do Rosal, que realiza unha xestión silvícola integral ao servizo dunha valiosa acción social.

A **segunda** área de reflexión refírese a todas aquelas funcións (concretadas en moi diversos bens e servizos) que, tendo como base as terras a monte, contan con mercados (reais ou potenciais) e prezos para remuneralas. Aquí Damián Copena, actualmente na Universidad de Oviedo, que ten traballado moito e ben sobre a enerxía eólica, aporta unha panorámica dos recursos enerxéticos dos montes (eólicos, biomasa, concas hidráulicas) e doutros bens e servizos retribuídos polo mercado que estes producen ou están en condicións de producir. Sobre esa base, no que atinxe a aproveitamentos gandeiros foi exposta a experiencia da cooperativa Monte Caballar e a de Abonos Lourido; e no relativo a froitos, produtos ecolóxicos e roteiros contamos coa participación da CMVMC de Couso en Gondomar.

Na **terceira** e última área de reflexión

abordáronse as funcións ambientais, paisaxísticas e de lecer dos nosos montes que non son remuneradas polos mercados. María Xosé Vázquez da UVigo, que ten investigado arreo sobre a avaliación da paisaxe e do patrimonio nos nosos montes, presentou unha panorámica do que pode facer o sector público para apoiar esas funcións e como facelo. As intervencións específicas da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e da Reserva da Biosfera Transfronteiriza do Gerés-Xurés concretaron algunhas políticas públicas en marcha. Complementándose iso co exem-

plo do Instituto de Estudos Miñoráns sobre o que se está a facer e o que se debera facer, para que o patrimonio arqueolóxico radicado nos nosos montes se conserve e o faga en beneficio do mundo rural.

A presente publicación recolle unha versión elaborada das contribucións presentadas nesa Xornada, a IV Reunión Casal de Armán do Foro Económico de Galicia, celebrada o 30 de maio de 2019. A publicación péchase cun resumo das principais conclusións e propostas derivadas das exposicións e o debate que tiveron lugar na Xornada.

1- O MONTE COMO ESPAZO PRODUTOR DE MADEIRA: MODELOS PRODUTIVOS, DIVERSIFICACIÓN E ORDENACIÓN DE ESPECIES FORESTAIS

EDUARDO CORBELLE RICO (UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)

A paisaxe de Galicia era, cara finais do século dezanove, unha paisaxe esencialmente desprovista de arborado. Desde entón, e durante algo máis dun século, o espazo arborado experimentou unha forte expansión ata chegar a ocupar algo máis dun terzo da superficie total e máis da metade das áreas de monte. Neste texto tratamos de describir e interpretar as forzas impulsoras desa expansión, para entender en que medida condicionaron as características do sector forestal no momento actual. En particular, trataremos de argumentar tres teses principais. A primeira, que o monte entendido como espazo de produción de madeira é un fenómeno relativamente recente no contexto históri-

co, o resultado dun proceso de especialización produtiva e espacial que comezou hai algo máis dun século e continúa en activo. En segundo lugar, que non é posible entendelo sen ter en conta as necesidades da grande industria consumidora, particularmente das plantas de pasta de celulosa, e as limitacións do territorio para o crecemento da principal especie que estas utilizan (*Eucalyptus globulus*). Finalmente, argumentaremos que se trata dun modelo vulnerable desde os puntos de vista económico e ambiental, incapaz de contribuír ao sostemento da actividade económica nas áreas máis afectadas pola perda de poboación e que contribúe a incrementar o risco de grandes incendios.


1. O DOMINIO DO ESPAZO FORESTAL EN GALICIA

Despois dunha ollada rápida a como se distribúen os diferentes usos e cubertas do territorio na Galicia actual resultaranos evidente que a área do que denominamos de modo xenérico espazo forestal é claramente dominante. En concreto, esta supón arredor de dous terzos da área total (Figura 1), se ben poden darse algunhas variacións en función da fonte de datos e os criterios concretos que utilizemos para o cálculo. Por exemplo, segundo a edición de 2014 do Sistema de Información

da Ocupación do Solo de España (SIOSE) a superficie forestal supoñía en Galicia 2.054.092 ha dun total de 2.957.071 ha (69,5%).² Este dominio relativo das superficies de monte diferencia ás rexións do noroeste ibérico doutras partes de España e Europa nas que a proporción de superficie ocupada por usos agrícolas ou gandeiros é moi superior, pero ten unha explicación de tipo puramente biofísico relacionada coa capacidade produtiva dos nosos solos. Ao contrario do que a miúdo

2. Para facer este cálculo consideramos superficie forestal como a suma de superficies arboradas, de mato, pasteiros, solo desprovisto de vexetación, áreas queimadas e afloramentos rochosos.

Figura 1. Distribución da superficie total de Galicia en 2014. Cifras en miles de hectáreas. (Elaboración propia a partir de SIOSE 2014.)



supoñemos os solos aptos para cultivos agrícolas non son especialmente abundantes: por exemplo, só arredor dun terzo da superficie total de Galicia resulta apta para un cultivo intensivo como o millo, e só a metade desa superficie (arredor dun quinto do total) presenta unha aptitude boa ou moi boa para ese cultivo (Díaz-Ferros Viqueira e Gil Sotres 1984; Corbelle Rico et al. 2014).

Establecido o dominio do monte respecto das restantes superficies cómpre sinalar que espazo forestal e espazo arborado non son sinónimos, dado que só unha parte da superficie forestal está ocupada por masas arbóreas. Aproximadamente a metade, para ser máis precisos. Ou quizais

algo máis da metade, en función da fonte utilizada.³ Da outra metade indícase en ocasións que estaría dispoñible para unha futura expansión da superficie arborada, pero isto non é estritamente certo, dado que unha parte do espazo forestal presenta importantes limitacións de tipo biofísico para o sostemento de masas arboradas, máis aínda para realizar sobre elas un aproveitamento economicamente rendible. Por outra parte, arredor de 220.000 ha de mato forman parte de áreas incluídas na Rede Natura 2000 (o 63% dunha área total de 350.000 ha). En moitos casos foi precisamente a presenza destas formacións a que motivou a súa protección, ao tratarse de hábitats de interese comunitario.

3- Os datos de SIOSE 2014 permiten estimar a existencia de 1.046.727 ha arboradas, respecto dun total de 2.054.092 ha de superficie forestal. O cuarto Inventario Forestal Nacional, non obstante, estima arredor de 1,4 millóns de hectáreas arboradas.

2. O MONTE COMO ESPAZO PRODUTOR DE MADEIRA

Para situar adecuadamente o papel do monte no sistema agrario actual resulta inevitable mirar cara atrás un século ou século e medio. Antes das grandes transformacións que mudaron radicalmente o sistema agrario na segunda metade do século vinte, o papel fundamental do monte non era producir madeira. Polo contrario, o monte constituía unha parte inseparable do sistema ao proporcionar pastos, algunha colleita ocasional e, sobre todo, un aporte de materia orgánica fundamental para manter a fertilidade das terras de cultivo máis intensivo (Bouhier 2001). A produción de madeira nos montes galegos de mediados do século dezanove debía ser, polo tanto, moi reducida, algo que manifestaban con franqueza os enxeñeiros forestais da época (Balboa López 1990). O monte era naquela altura o espazo de produción doutros bens necesarios para a economía campesiña, entre os cales a madeira (pero non necesariamente a leña) non ocupaba un lugar precisamente destacado. O protagonismo da madeira como principal produto do monte é un fenómeno relativamente recente que comezou a tomar entidade a finais do século dezanove a través da repoboación forestal que realizaron propietarios privados e, algo máis tarde, a Administración pública (Rico Boquete 2014). Esta cronoloxía é compartida con outras áreas de España (Vadell et al. 2016; Cervera et al. 2016) e Portugal (Oliveira et al. 2017).

2.1. Auxe e declive das coníferas

Os primeiros esforzos repoboadores ti-

veron como protagonista fundamental ao piñeiro do país ou piñeiro bravo (*Pinus pinaster*) e como principal consumidora a unha industria do aserrío mecánico en plena expansión. Rico Boquete (2014) ofrece unha estimación conservadora da superficie arborada ocupada por piñeiro a primeiros do século vinte, que se situaría arredor das 20.000 ha no ano 1900 e entre 80.000–100.000 ha cara 1930 (un incremento de 60.000–80.000 ha en trinta anos). Desde entón a Administración pública gañou un considerable protagonismo, en boa medida como consecuencia das actividades do Patrimonio Forestal do Estado (Rico Boquete 1995), e para 1966 o Mapa Forestal de España estimaba a superficie ocupada por masas de coníferas en Galicia en máis de 750.000 ha: un incremento de 600.000 ha nos trinta anos anteriores.

En plena posguerra, nun sistema agrario no que o monte constituía aínda unha peza fundamental, a actividade repoboadora do PFE tivo que afrontar unha considerable conflitividade social (Rico Boquete 2000; Freire Cedeira 2014). Pero os cambios sociais e tecnolóxicos que tiveron lugar na segunda metade do século transformaron o sistema agrario e supuxeron en grande medida a desconexión entre este e os espazos de monte (Soto Fernández 2006). Esencialmente, isto supuxo que o monte deixou de ser fonte de materia orgánica para a agricultura e pasou a facelo para a industria (Soto et al. 2016). A contradición entre os intereses da Administración e a industria forestal, por un lado, e os intereses da poboación, por outro, desapareceu en grande medi-

da. Desde 1960 en adiante a repoboación forestal por parte de propietarios privados volvería gañar intensidade, en boa medida favorecida por incentivos e subvencións públicas (Rico Boquete 2018). Entre estas destacarían, na década de 1990, as asociadas primeira reforma da Política Agraria Común europea (García Arias e Pérez Fra 2001).

Con todo, se a expansión inicial do arborado se produciu fundamentalmente con masas de coníferas, durante a segunda metade do século vinte o proceso foi precisamente o oposto: a expansión da superficie total ocupada por arborado produciuse a pesar da contracción da superficie ocupada por coníferas e gracias á expansión de masas de frondosas (Corbelle Rico e Tubío Sánchez 2018). En efecto, durante o último medio século produciuse un cambio de especie principal en moitas das masas anteriormente poboadas por coníferas, ao ser estas substituídas por masas de eucalipto (*Eucalyptus globulus*, polo xeral). Ao mesmo tempo e como consecuencia da redución do número de explotacións agrarias, unha boa parte das terras que deixaron de ser utilizadas por cultivos ou para o pastoreo foron sendo ocupadas por masas arboradas procedentes de revexetación espontánea, formadas fundamentalmente

por especies frondosas diferentes do eucalipto. Aínda que ambos fenómenos tiveron lugar en moitos lugares de Galicia, o primeiro deles concentrouse nas áreas máis próximas á costa, mentres que o segundo se facía máis común nas áreas de interior. O resultado foi un proceso de especialización espacial que concentrou as masas de eucalipto nunha franxa de territorio situada a 60–90 km da costa, e as masas de outras frondosas nas áreas restantes. A aptitude do territorio para o crecemento de *E. globulus*, limitada ás áreas de menor altitude (Calvo de Anta 1992), foi con toda claridade o principal factor que explica esta especialización ao impedir que as repobacións con esta especie se extenderan cara o interior.

No momento actual o monte galego presenta unha área arborada que se distribúe entre un 35–40% ocupado por coníferas, un 20–26% ocupado por eucaliptos e un 34–45% ocupado por outras frondosas, en función da fonte consultada (Cadro 1). As diferencias entre fontes poden resultar chamativas, e poden ser parcialmente atribuídas a diferencias de criterio á hora de clasificar unha porción do territorio como arborada⁴ ou, sobre todo, á hora de estimar que porción das teselas definidas en cada mapa está realmente cuberta polo arborado.

Cadro 1. Distribución da superficie arborada en Galicia, de acordo coas edicións máis recentes do Mapa Forestal de España (MFE25) e o Sistema de Información da Ocupación do Solo de España (SIOSE).

Fonte	Coníferas	Eucalipto	Outras frondosas	Total
MFE25 (2009)	567.240 ha (40%)	370.238 ha (26%)	478.692 ha (34%)	1.416.170 ha
SIOSE (2014)	363.337 ha (35%)	204.827 ha (20%)	478.563 ha (45%)	1.046.727 ha

4- Por exemplo, os valores do MFE25 inclúen áreas de arborado moi pouco denso, cunha fracción de cabida cuberta menor do 10%, que supoñen algo menos de 30.000 ha.


2.2. A evolución do volume de cortas

Como sería de esperar, á vista de como evolucionou a superficie cuberta por arborado, o volume total de cortas de madeira tamén se incrementou ao longo do século vinte (Figura 2). Con todo, é salientable como desde o ano 1990 o único grupo de especies para o que aumentou o volume de corta foi o eucalipto. As cortas de coníferas, responsables de parte do aumento experimentado ata entón, pasaron a man-

terse relativamente estables, o que resulta coherente se temos en conta a tendencia decrecente da área ocupada por masas de coníferas e a considerable expansión das masas de eucalipto no mesmo tempo. Nos últimos anos o volume total de cortas situouse arredor dos 7–8 millóns de metros cúbicos por ano, repartidas aproximadamente a partes iguais entre as cortas de eucalipto e as cortas de coníferas.

En todo caso, probablemente chame tamén a nosa atención o feito de que o

Figura 2. Evolución da superficie arborada e do volume de cortas na segunda metade do século vinte. (Elaboración propia a partir do Mapa Forestal de España, a Estatística Forestal de España, os Anuarios de Estatística Agraria e os Anuarios de Estatística Forestal.)



grupo de outras frondosas diferentes do eucalipto aporta un volume de cortas moi inferior ao que se podería deducir da súa importancia en termos de área ocupada. Para ser un grupo de especies que ocupa, en función da fonte considerada, entre un terzo e case a metade da área arborada total, resulta chamativo que apenas supoña arredor do 3% do volume de corta anual. Por suposto, o tipo de masas que compoñen este grupo (de orixe máis ou menos espontánea, non sometidas a xestión, a miúdo localizadas en áreas de difícil acceso), a súa idade (masas recentes en

moitos casos), e a menor produtividade das especies que as compoñen poden explicar parte da diferenza. Pero aínda tendo en conta estas características concretas parece evidente que estamos ante un grupo de especies claramente infrautilizado. Sendo certa, a afirmación habitual de que Galicia produce arredor da metade do volume de cortas de España oculta que estas se concentran nunha parte relativamente reducida do territorio: concretamente, na metade norte (ver, por exemplo, os mapas de intensidade de corta en Picos Martín, 2018).

3. UN MODELO DE ESPECIALIZACIÓN NON ESPONTÁNEO

A expansión da superficie arborada de Galicia durante o século vinte non se produciu de maneira homoxénea nas diferentes partes do territorio, nin en diferentes momentos do tempo, nin tivo sempre como protagonista ás mesmas especies arbóreas. A preferencia polas coníferas e, en especial, polo piñeiro bravo (*Pinus pinaster*) foi dominante durante a primeira metade do século. O seu carácter relativamente frugal, un crecemento razoable, e a facilidade de rexeneración converteron a esta especie na favorita dos propietarios privados individuais e, tamén, das primeiras actuacións da Administración.

Non obstante, mediado o século as coníferas comezaron a perder interese fronte á competencia do eucalipto (especialmente do eucalipto branco, *Eucalyptus globulus*). As primeiras plantacións de eucalipto con finalidade comercial foron


realizadas en Galicia na década de 1940 (Prada Blanco 1991). Estas deberon ter pouca entidade, de todos modos, porque o Mapa Forestal de España de 1966 estima a extensión das masas de eucalipto en arredor de 14.000 ha. A verdadeira fase expansiva da área ocupada por eucalipto veu da man do cambio que tivo lugar na demanda da industria de pasta de papel nas décadas posteriores.

En particular, a creación de masas arboradas co obxectivo de acumular existencias para abastecer á futura industria da celulosa foi un obxectivo declarado da política pública forestal desde as décadas de 1920 e 1930. É dicir, tratábase de crear as condicións para que esta puidera ser instalada e con esa finalidade foron asinados, por exemplo, os primeiros consorcios entre o Patrimonio Forestal do Estado e a Deputación provincial de Pontevedra,

convencida xa en 1939 de que «la zona de la costa de clima marítimo es propia para las especies de rápido crecimiento que ofrecerá abundante materia prima a la industrialización para producir pasta de papel» (Rico Boquete 1999, 147). Cando finalmente comezou a funcionar a planta da Empresa Nacional de Celulosas na ría de Pontevedra en 1962, o seu proceso produtivo estaba orientado ao consumo de madeira de fibra curta (coníferas). Pero enseguida se foi adaptando progresivamente ao consumo de madeira de fibra longa (eucalipto), de tal xeito que esta su-

poñía máis do 80% da madeira consumida en 1989 (Prada Blanco 1991). A transformación do proceso produtivo, que hoxe emprega exclusivamente diferentes especies de eucalipto, foi acompañada dun incremento da capacidade de produción, desde as 30.000 Tm de pasta de 1962 ata as 400.000 Tm actuais. A estas é necesario engadir 600.000 Tm producidas na planta de Navia, Asturias (creada inicialmente por CEASA arredor de 1970). En total, o consumo total de ambas plantas sitúase arredor dos 4 millóns de metros cúbicos de eucalipto por ano (ENCE

Figura 3. Áreas de maior expansión do eucalipto nas décadas de 1970 a 1990. A área indicada co número 1 tivo unha evolución máis temperá. (Elaboración propia a partir das diferentes edicións do Mapa Forestal de España.)



2015a, 2015b), unha cifra moi similar ao volume total de cortas deste grupo de especies (4,4 millóns de metros cúbicos en 2015)⁵. A correspondencia temporal entre as necesidades da industria da pasta de papel e a evolución das masas arboradas semella evidente.

Por outra parte, a correspondencia non é só temporal senón tamén espacial. Esta é claramente apreciable arredor da ría de Pontevedra e nos municipios próximos á fronteira con Asturias, nos que a expansión do eucalipto tivo lugar máis cedo e foi máis intensa. Na figura 3 móstrase o resultado de analizar a superficie arborada de cada municipio nas diferentes edicións do Mapa Forestal de España. A análise permite formar tres grupos: nos dous primeiros produciuse unha forte expansión do eucalipto, mentres que no terceiro o proceso dominante é a expansión de outras frondosas. Dos dous primeiros, o que sinalamos como número 1 é aquel no que a expansión do eucalipto foi máis acusada e tamén máis temperá, entre as edicións do MFE de 1966 e 1989 (Corbelle Rico e Tubío Sánchez 2018).


Os testemuños dos técnicos da época indican claramente que, ao igual que sucedía coa expansión do piñeiro en décadas anteriores, a iniciativa dos pequenos propietarios particulares foi fundamental na expansión do eucalipto. Non obstante, tanto a industria como a Administración xogaron un papel moi importante na difusión do novo modelo silvícola, inicialmente de modo directo (arredor do 20% da superficie de eucalipto existente en 1966 era propiedade de SNIACE ou da Administración), ou de modo indirecto a través

de axudas públicas ou acordos privados con propietarios (Rico Boquete 2018). A Lei de Fomento da Produción Forestal de 1977 e o programa de axudas forestais a agricultura asociado ao Regulamento Europeo 2080/1992 foron exemplos de medidas públicas orientadas á promoción dun modelo produtivista centrado en especies de crecemento rápido. Non tanto pola inexistencia de axudas á plantación de outras especies —dado que estas existían en ambos casos—, senón polo feito de que estas foran similares para todos os grupos de especies e favoreceran así, na práctica, ás de maior crecemento.

A inercia do modelo imperante ao longo do século vinte permaneceu basicamente inalterada a pesar das prescricións do Plan Forestal de Galicia (PFG) de 1992. Esencialmente, o PFG propoñía un modelo de monte máis diversificado en canto a superficie e volume de cortas das diferentes especies. Aínda que as previsións realizadas no plan alcanzaban ata o ano 2032, é posible analizar a súa influencia a través da tendencia seguida pola área ocupada de diferentes especies antes e despois da súa aprobación. No caso das especies para as que o plan propoñía un cambio de tendencia, a análise da evolución posterior indica que case nunca se cumpriu. É dicir que, no esencial, a aprobación do PFG non tivo apenas influencia sobre o modelo de monte imperante e o seu desenvolvemento. O modelo fortemente especializado desde o punto de vista produtivo e espacial continuou o seu curso e incluso intensificou algunhas das tendencias xa presentes, en contra das previsións do plan (Figura 4).

5- As dúas plantas mencionadas non se abastecen unicamente de madeira cortada en Galicia, aínda que só sexa porque unha parte das cortas vai destinada tamén a outras factorías, principalmente as situadas na metade norte de Portugal.

Figura 4. Evolución recente (liña continua) e previsións do Plan Forestal de Galicia de 1992 (liña de trazos) da área ocupada polas principais especies arbóreas. (Elaboración propia a partir das diferentes edicións do Mapa Forestal de España e do Plan Forestal de Galicia.)



4. UN MODELO VULNERABLE

Non parece esaxerado afirmar que o modelo de monte que vimos de describir resulta vulnerable desde varios puntos de vista. En primeiro lugar, trátase dun modelo pouco diversificado que depende dun número moi reducido de compradores finais, responsables de máis da metade do consumo total. Como resultado, a rendibilidade da explotación de boa parte das masas existentes está fortemente condicionada polo prezo da pasta de celulosa no mercado internacional, de modo que cando este é baixo o custo de extracción da madeira


nos montes menos accesibles pode comprometer a viabilidade da explotación. As expectativas de rendibilidade están baseadas, en xeral, nun modelo de explotación que require pouco investimento en forma de coidados silvícolas e resulta atractivo aínda que o prezo da madeira non sexa moi elevado. Pero dado que o volume de madeira dispoñible nos montes non deixa de crecer (como consecuencia de que se corta aproximadamente o 60% do crecemento medio anual de eucaliptos e piñeiros), parece difícil garantir que os prezos da

madeira se vaian manter nos niveis actuais, moito máis altos que os de outras posibles alternativas de abastecemento da industria pasteira como Brasil, Chile ou Indonesia. Por outra parte, os problemas sanitarios (evidentes no caso de *E. globulus*) nun contexto de cambio climático, supoñen un risco non desprezable. Nestas condicións, un sector no que o eucalipto destinado a trituración supón arredor de dous terzos —e con tendencia crecente— do volume de cortas anual non parece especialmente saudable.

Por outra banda, o modelo tamén se caracteriza por unha especialización espacial que concentra a súa actividade económica na franxa costeira da comunidade. O forte desequilibrio entre esta e as áreas de interior pon en cuestión que o sector forestal poida actuar como mecanismo de revita-

lización económica das áreas que máis se ven afectadas por despoboamento e envellecemento. E a actividade forestal dos propietarios de terras pode ser un bo complemento da renda, pero no momento actual dificilmente un modo de vida: os beneficios da venda de madeira supoñen ingresos para 50.000–80.000 propietarios cada ano, por un valor total entre 250–300 millóns de euros anuais (Confemadera Galicia 2015). Trátase de cantidades apreciables globalmente, pero supoñen ingresos medios de 3.000–6.000 euros por propietario e ano, ao que debemos sumar que a maioría dos propietarios probablemente non venden madeira todos os anos e que, como sucede con tódalas funcións de ingreso, o ingreso medio adoita estar influído pola presenza duns poucos actores con moitos ingresos.

Figura 5. Área afectada por incendios en Galicia no período 1960–2018. (Elaboración propia a partir dos Anuarios Estatísticos do Ministerio de Medio Ambiente.)



Finalmente é necesario ter en conta que a capitalización das masas (o incremento da madeira presente sobre o terreo) contribúe a incrementar o risco de incendios. É certo que a importancia dos incendios ten relativa independencia da superficie arborada, porque nas condicións concretas do noroeste peninsular o mato é a principal cuberta da superficie queimada na maioría dos anos (Figura 5). Pero o contexto de abandono da actividade agraria e o aumento da área de fronteira entre as zonas poboadas e as áreas de monte (estean ou non arboradas), combinado coas tendencias esperadas de cambio climático (esperamos períodos secos máis acusados e máis frecuentes), fan que debamos esperar episodios cada vez

máis frecuentes de grandes incendios concentrados en poucos días do ano, como por exemplo os de outubro de 2017 (Figura 6). Esta xa é unha tendencia que se aprecia en toda a bacía do Mediterráneo (Royé et al. 2019) e nas series temporais é posible apreciar unha certa periodicidade: con independencia do complexo e custoso que se vaia facendo o dispositivo de loita contra incendios, aproximadamente cada seis anos a área queimada achégase ou sobrepasa as 50.000 hectáreas. Se ben na maioría dos anos a superficie desarborada é a principal compoñente da superficie queimada, é neses anos de maior incidencia cando a proporción de superficie arborada se fai máis relevante no total da superficie ardida.

Figura 6. Áreas afectadas por incendios no sur de Galicia no mes de outubro de 2017. Nótase a grande mancha en dirección N-S ao leste de Pontevedra e Vigo. (Composición en falsa cor RGB:753, imaxe Landsat 8-OLI tomada o 28 de outubro.



5. CONCLUSIONES

O modelo que rexe o espazo arborado en Galicia na actualidade é o resultado de tres procesos interconectados. Por un lado, o desacoplamento entre o monte e o resto do sistema agrario, que comezou a primeiros do século vinte pero que se acelerou especialmente na súa segunda metade. A perda de importancia do monte no sistema agrario permitiu dedicar estas superficies a outro tipo de produción, e entre as diferentes posibilidades a madeira erixiuse como principal alternativa. En segundo lugar, a especialización produtiva cara uns poucos destinos industriais, esencialmente ligados á madeira de trituración, ben sexa para taboleiros ou pasta de papel. Esta especialización tivo lugar pola conxunción das políticas públicas, preocupadas de asegurar o abastecemento da industria mesmo desde antes da súa creación e logo despreocupadas ou incapaces de fomentar un modelo produtivo máis diversificado. E en terceiro lugar a práctica ausencia de xestión das masas de frondosas distintas do eucalipto que dominan as áreas arboradas do interior.

Neste texto tratamos de sinalar algunhas das limitacións e potenciais problemas que supón este modelo de especialización produtiva e espacial. Entre elas, a forte dependencia dun número moi reducido de consumidores finais, a competencia doutras áreas do mundo, os problemas sanitarios e de adaptación ao cambio climático, a concentración das rendas na parte do territorio menos afectada polo despoboamento, e a dificultade


para xestionar un volume crecente de biomasa (non só arbórea) que ameaza con manter ou aumentar o risco de incendios forestais. Dada a dimensión dos problemas, parece pouco razoable asumir que unicamente a actividade do sector privado poida ser suficiente para superar estes obstáculos. Dado que a política pública contribuíu durante décadas —e mesmo impulsou activamente— para a creación deste modelo, por que non utilizar a política pública para impulsar un modelo alternativo que contribúa a reducir os problemas que o afectan?

Parece evidente a necesidade de crear as condicións para que as masas arboradas de Galicia poidan xerar outro tipo de produtos, especialmente madeiras de maior calidade que teñan como destino a industria do aserrado e a segunda transformación. Esta sería unha boa opción para as masas de frondosas distintas do eucalipto que dominan as nosas áreas do interior, fronte á extensión do modelo produtivista (nesta ocasión da man de E. nitens) como única alternativa. Ademais da promoción activa da diversificación do sector, a política pública debería promover a integración espacial —a escala de paisaxe— entre o sector forestal e o resto de sectores produtivos, para asegurar a dispoñibilidade do espazo necesario para cada un, mellorar as funcións ambientais, estéticas e económicas da paisaxe e reducir a probabilidade de grandes incendios. Calquera destas finalidades merece ser tratada como unha política estratéxica e a longo prazo.

Un dos obstáculos evidentes para a formalización dun modelo alternativo de xestión forestal é a extrema fragmentación da propiedade. O tamaño medio das parcelas de propiedade privada individual (arredor dos 2.500 metros cadrados) é dificilmente compatible cunha xestión forestal que se aparte do modelo produtivista e de baixo nivel de manexo que caracteriza ás masas de crecemento rápido. A resposta a este problema ten sido fomentar o asociacionismo dos propietarios, pero con escaso éxito. A isto contribúe o feito de que en moitas áreas de Galicia o número de titulares catastrais supera en varias veces ao

número de habitantes (Figura 7). Mesmo nas áreas nas que o absentismo non é tan elevado, algunhas experiencias coñecidas suxiren que non é suficiente con que os propietarios se poñan de acordo: asociacións que contan con máis dun cento de propietarios teñen dificultades para formar unidades de xestión de algunhas hectáreas en couto redondo. Poñer o foco no asociacionismo é ollar para o dedo cando este sinala a lúa. Igual que é común no ámbito do urbanismo, son necesarios instrumentos legais que permitan xestionar o uso do monte sen que a propiedade individual poida supoñer un bloqueo.

Figura 7. Número de titulares catastrais por habitante en 2018, por concellos, e localización dos Montes Veciñais en Man Común. (Elab. propia a partir das estatísticas da DG de Catastro, Padrón Municipal de Habitantes e datos do Instituto de Estudos do Territorio.)



Por outra parte, a propiedade veciñal en man común supón arredor de 656.000 hectáreas de superficie total, repartidas en algo máis de 2.700 montes cunha dimensión media cerca das 200 hectáreas (Figura 7). Asumindo que pola súa cuberta e uso actuais a maioría da superficie sería encadradas dentro do concepto de superficie forestal, supón arredor do 30% da superficie forestal da comunidade autónoma. Se temos en conta que se trata dunha superficie media enormemente superior á das parcelas de propiedade privada individual, parece razoable afirmar que a propiedade veciñal ofrece condicións de partida razoablemente boas para acadar os obxectivos de diversificación e ordenación. O seu carácter social, por outra parte, permite a posibilidade de propoñer obxectivos de medio e longo prazo propios da xestión forestal, que trascenden

os ciclos de vida das persoas individuais. Non obstante, a posición da Administración pública en décadas recentes ten sido a de tratala como unha propiedade privada máis, sen apenas ningún tipo de atención especial que atenda ás súas particularidades e especificidades. Este grao de desatención é patente só con prestar atención á súa delimitación cartográfica. A carencia de deslindes que garantan un mínimo de fiabilidade na delimitación da propiedade responde á lóxica mencionada: se son propiedades privadas, que asuman pois os custos de deslinde. Na mesma liña encádranse as carencias de apoio técnico ou administrativo que sofren a maioría das comunidades. Cómpre un apoio máis decidido ás necesidades das comunidades, de xeito que estas poidan chegar a cumprir o papel que lles correspondería nun modelo de monte futuro.

REFERENCIAS

- Balboa López, X. 1990. *O Monte En Galicia*. Xerais, Vigo.
- Bouhier, A. 2001. Galicia. *Ensaio Xeográfico de análise E Interpretación Dun Vello Complexo Agrario*. Biblioteca de Clásicos Agrarios Galegos, vol. XVI (trad. do orixinal de 1979), Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, Xunta de Galicia.
- Calvo de Anta, Rosa. 1992. *El Eucalipto En Galicia*. Sus Relaciones Con *El Medio Natural*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela.
- Cervera, Teresa, Joan Pino, Joan Marull, Roc Padró, Enric Tello. 2016. "Understanding the Long-Term Dynamics of Forest Transition: From Deforestation to Afforestation in a Mediterranean Landscape (Catalonia, 1868–2005)." *Land Use Policy*. <https://doi.org/http://dx.doi.org/10.1016/j.landusepol.2016.10.006>.
- Confemadera Galicia. 2015. "Informe de Resultados." Confederación Gallega de Empresarios de la Madera.
- Corbelle Rico, Eduardo, José María Tubío Sánchez. 2018. "Productivismo Y Abandono: Dos Caras de La Transición Forestal En Galicia (España), 1966–2009." *Bosque* 39 (3): 457–67. <https://doi.org/10.4067/S0717-92002018000300457>.
- Corbelle Rico, E., D. Vila García, R. Crecente Maseda, F. Díaz-Fierros Viqueira. 2014. "Dixitalización Do Mapa de Capacidade Produtiva Dos Solos de Galicia." *Recursos Rurais* 10: 35–43. http://www.ibader.org/archivos/docs/recursos_rurais_10_04.pdf.
- Díaz-Fierros Viqueira, F., F. Gil Sotres. 1984. *Capacidad Productiva de Los Suelos de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela.
- ENCE. 2015a. *Centro de Operaciones de Navia - Ceasa. Declaración Ambiental 2015*. ENCE, Energía y Celulosa.
- — —. 2015b. *Centro de Operaciones de Pontevedra. Declaración Ambiental 2015*. ENCE, Energía y Celulosa.
- Freire Cedeira, Araceli. 2014. *Conflictividad Social En El Medio Rural Gallego (1939–1975): El Caso de Los Montes Vecinales En Mano Común*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- García Arias, Ana Isabel, María do Mar Pérez Fra. 2001. "Análise E Evolución Da Aplicación En Galicia Do Programa de Axudas á Reforestación de Terras Agrarias (Reg. CEE 2080/92)." *Revista Galega de Economía* 10 (1): 151–76.
- Oliveira, Tiago M., Nuno Guiomar, F. Oliveira Baptista, José M.C. Pereira, João Claro. 2017. "Is Portugal's Forest Transition Going up in Smoke?" *Land Use Policy* 66: 214–26. <https://doi.org/http://dx.doi.org/10.1016/j.landusepol.2017.04.046>.
- Picos Martín, Juan. 2018. "La Cadena Forestal-Madera de Galicia 2017." XERA, Axencia da Industria Forestal, Xunta de Galicia. <https://doi.org/10.13140/RG.2.2.17809.48487>.
- Prada Blanco, A. 1991. *Montes E Industria: O Circuito Da Madeira En Galicia*. Fundación Caixa Galicia.

Rico Boquete, E. 1995. *Política Forestal E Repoboacións En Galicia, 1941-1971*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela.

Rico Boquete, Eduardo. 1999. *Montes E Industria Forestal En La Provincia de Pontevedra (1900-1975). Antecedentes Y Desarrollo de La Empresa Nacional de Celulosas, S.a.* Tórculo Edicións.

— — —. 2000. "Política Forestal Y Conflictividad Social En El Noroeste de España Durante El Primer Franquismo, 1939-1959." *Historia Social* 38: 117-40.

— — —. 2014. "La Industria Del Aserrío Mecánico En Galicia, 1856-1935." *Historia Agraria* 62: 83-116.

— — —. 2018. "Las Ayudas Públicas a La Reforestación Privada En Galicia, 1952-1992." *Sémata, Ciencias Sociais E Humanidades* 30: 319-38. <https://doi.org/http://dx.doi.org/10.15304/s.30.5400>.

Royé, D., F. Tedim, J. Martin-Vide, M. Salis, J. Vendrell, R. Lovreglio, C. Bouillon, V. Leone. 2019. "Wildfire Burnt Area Patterns and Trends in Western Mediterranean Europe via the Application of a Concentration Index." *Land Degradation & Development*. <https://doi.org/https://doi.org/10.1002/ldr.3450>.

Soto, David, Juan Infante-Amate, Gloria I. Guzmán, Antonio Cid, Eduardo Aguilera, Roberto García, Manuel González de Molina. 2016. "The Social Metabolism of Biomass in Spain, 1900-2008: From Food to Feed-Oriented Changes in the Agro-Ecosystems." *Ecological Economics* 128: 130-38. <https://doi.org/https://doi.org/10.1016/j.ecolecon.2016.04.017>.

Soto Fernández, David. 2006. *Historia Dunha Agricultura Sustentábel: Transformacións Produtivas Na Agricultura Galega Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia.

Vadell, Enric, Sergio de-Miguel, Jesús Pemán. 2016. "Large-Scale Reforestation and Afforestation Policy in Spain: A Historical Review of Its Underlying Ecological, Socio-economic and Political Dynamics." *Land Use Policy* 55: 37-48. <https://doi.org/https://doi.org/10.1016/j.landusepol.2016.03.017>

SEGUNDA PARTE

O POTENCIAL DO MONTE PARA A PRODUCCIÓN DOUTROS BENS E SERVIZOS DESTINADOS AO MERCADO

DAMIÁN COPENA RODRÍGUEZ⁶

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA. UNIVERSIDAD DE OVIEDO.

1. INTRODUCCIÓN

Galicia é un territorio onde o monte é predominante. Mellorar a súa xestión desde unha óptica sustentable emerxe como unha das cuestións prioritarias a curto prazo para o territorio galego. Certamente, a xestión dos recursos naturais por parte das comunidades locais forma parte do debate científico, das políticas públicas aplicadas en diferentes niveis de goberno e das prioridades e obxectivos perseguidos por diversas entidades a nivel internacional. Esta discusión resulta de enorme interese na procura do obxectivo de avanzar na construción de modelos de manexo dos recursos naturais máis sustentables que permitan a mellora da calidade de vida das poboacións locais sen dilapidar os recursos endóxenos existentes. No mesmo senso, as casuísticas complexas específicas do monte galego tamén aportan interese para tentar solucionar algunhas das grandes problemáticas socioeconómicas e ambientais do mundo rural como son o avellentamento poboacional, a perda de habitantes do mundo rural, a infrutilización dos

recursos ou a terrible praga dos incendios forestais.

Dentro deste debate e das oportunidades actuais están acadando cada vez máis relevancia a produción doutros bens e servizos destinados ao mercado diferentes aos vinculados coa produción de madeira. Os aproveitamentos gandeiros extensivos no monte, os usos turísticos con retorno económico, a recolección e produción de cogomelos ou de froitos do bosque, o cultivo de pequenos froitos, a recolección de resina, etc; son aproveitamentos das áreas de monte que están sendo desenvolvidos de forma importante por entidades vinculadas coa acción colectiva, principalmente por Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, mais tamén por outras entidades vinculadas co manexo do monte, como as Cooperativas de Explotación Comunitaria da Terra, as asociacións de propietarios forestais, etc. Estas iniciativas que van máis aló da produción de madeira de ciclo curto adoitan encadrarse nunha visión multifuncional do monte, onde as funcións social, ambiental

6- *Copenadamian@uniovi.es*

e económica teñen que tentar coexistir.

No que segue faise unha achega ao debate sobre o potencial do monte para a produción doutros bens e servizos non madeireiros destinados ao mercado a partir da acción colectiva. O texto estrutúrase do seguinte xeito: comeza cunha breve análise do monte e a acción colectiva en Galicia para abordar, posteriormente, o marco da multifuncionalidade onde

se encadran grande parte destas novas iniciativas. O seguinte epígrafe trata sobre os ámbitos para a produción colectiva no monte doutros bens e servizos non madeireiros destinados ao mercado. Posteriormente, faise unha descrición dos mecanismos e estratexias para a dinamización local do monte a partir da acción colectiva. Finalmente preséntanse unhas breves conclusións.

2. O MONTE E A ACCIÓN COLECTIVA EN GALICIA

O “noso” monte, que é a principal superficie en Galicia, ten unha conceptualización ampla e complexa, vinculándose con diferentes superficies, tal e como sinala a propia definición da Lei de Montes de Galicia: “enténdese por monte ou terreo forestal todo terreo en que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou que procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas, sociais ou recreativas”. O monte en Galicia conta ademais cun réxime de propiedade moi singular e que o diferencia claramente doutros lugares. Así, a propiedade colectiva ou comunitaria (privada-colectiva a nivel legal) ligada aos máis de 3.300 Montes Veciñais en Man Común (MVMC), representan unhas 664.000 hectáreas, cunha superficie media elevada de máis de 200 hectáreas⁷.

Os MVMC contan cunha serie de carac-

terísticas singulares que están definidas na lexislación que os regula. Así, a lexislación vixente indica que os MVMC están suxeitos, ás limitacións de i) indivisibilidade (os montes veciñais en man común non se poden repartir entre a veciñanza); ii) inalienabilidade (as propiedades veciñais non se poden mercar nin vender); iii) imprescritibilidade (esta clase de propiedades non perden as súas características ao longo do tempo) e iv) inembargabilidade (non resulta posible embargalos). Estas son características que chocan de fronte coa lóxica do mercado e do propio sistema económico predominante, polo que podemos considerar que son “anomalías” dentro do contexto económico capitalista. Certamente, as condicionantes inherentes ás propiedades comunitarias xunto co seu carácter democrático confírenlles potencialidades singulares para o desenvolvemento de iniciativas con racionalidades non curtopracistas nin economicistas convencionais, ligadas á lóxica do ben común

7- Consellería do Medio Rural, 2019. *Anuario de Estadística Forestal de Galicia 2018*.

e a racionalidades de ámbito colectivo, onde prime a compoñente da sustentabilidade. Outra das características diferenciadoras desta clase de propiedade consiste en que a participación na Comunidade está ligada directamente á residencia no lugar ou parroquia propietaria do monte. É dicir, teñen a característica de ser institucións inclusivas, non son entidades pechadas, senón que as persoas que forman parte da Comunidade e polo tanto do proceso e decisión e xestión van variando ao longo do tempo. Deste xeito, cada individuo que se traslada a vivir a un lugar ou parroquia que conte con MVMC pode formar parte da entidade de xestión colectiva participando na toma de decisións e nos aproveitamentos agroforestais do Monte. Finalmente, cómpre salientar que estas institucións contan cunha compoñente

democrática tanto á hora de organizarse como de tomar as decisións de maneira colectiva, son, pois, entidades vinculadas coa acción colectiva.

Pola súa banda, o monte privado convencional conta cunha grande atomización, existindo parcelas moi pequenas e, en moitas zonas de Galicia, un grande abandono do mesmo. Para o seu manexo resulta de interese empregar figuras ou mecanismos que consigan o manexo agrupado dos terreos. Entre as existentes pódense sinalar as cooperativas de explotación comunitaria da terra, as asociacións de propietarios de terreos forestais ou as sociedades de fomento forestal. Cada unha destas figuras, coas súas problemáticas e limitacións específicas, son ferramentas a abordar desde a lóxica do manexo do monte a partir da acción colectiva.

3. A MULTIFUNCIONALIDADE NOS MVMC

Á hora de abordar o manexo do monte a partir da acción colectiva e as posibilidades existentes para os aproveitamentos non madeireiros con valor de mercado resulta de interese constatar como moitas das iniciativas poden ser encadradas dentro do paradigma da multifuncionalidade. Desde esta visión, o espazo rural xa non pode ser considerado só como un lugar de produción convencional xa que a actividade agraria e forestal entendida dun xeito amplo xera outros beneficios sociais e ambientais. Así, o mantemento da paisaxe e o patrimonio rural (material e inmaterial),

a biodiversidade, a seguridade alimentaria, etc; teñen que ser introducidos na ecuación decisoria. Deste xeito, actividades como a xestión do medio ambiente, a produción de enerxías renovables ou o agroturismo, adáptanse plenamente ás demandas actuais da sociedade e agroman como novas oportunidades para xerar actividade económica a partir do monte. Neste contexto, é onde a multifuncionalidade está considerada como unha estratexia de interese para avanzar no desenvolvemento rural⁸ (van der Ploeg et al., 2009), e onde cómpre ter en consideración que a diversificación da

8- Tal e como teñen sinalado autores como van der Ploeg (ver: van der Ploeg JD, Laurent C, Blondeau F, Bonnafous P. 2009. Farm diversity, classification schemes and multifunctionality. *J Environ Manage.* 90(2), S124-S131).

actividade agraria, incluíndo nela o monte, conleva a propia multifuncionalidade do territorio. Deste xeito, a multifuncionalidade aparece considerada como o núcleo do novo paradigma de desenvolvemento rural, posto que permite reconstituír o valor da agricultura e dos territorios rurais, adaptándose ás necesidades da sociedade actual.

Desde a óptica económica a multifuncionalidade do monte baséase en que uso agroforestal permite algo máis que o seu obxectivo principal de producir alimentos, fibra, madeira e combustible. Neste senso, avanzar na multifuncionalidade supón: 1) A ampliación das funcións comúns dos procesos económicos rurais; 2) A mobilización de recursos adicionais, fundamentando as estratexias non unicamente nos recursos agrarios convencionais e buscando ao mesmo tempo formas de xestión que permitan a redución dos custes e non tanto a maximización dos ingresos ou do beneficio e 3) A procura da diferenciación e de produtos de alta calidade, fronte aos procesos máis curtopracistas que soamente traballan con especies forestais de crecemento rápido.

Esta racionalidade e praxe multifuncional, nun contexto histórico e cunhas lóxicas moi diferentes, non foi allea aos montes de Galicia, xa que, de xeito tradicional, os montes veciñais foron o soporte do sistema agrario tradicional durante séculos a partir das funcións que subministraban: a obtención de biomasa para producir abono a partir do estrume, elemento fundamental para o mantemento do sistema de fertilización mediante a utilización do complexo monte/cultivo/prado; a biomasa como alimento para o gando, maior e menor, mediante o pastoreo no monte; a obtención de carne e de leite para a alimentación das unidades

económicas campesiñas; a utilización do monte como lugar de cultivo para a produción de cereais como o centeo e, en menor medida, o trigo a partir das estivadas; fornecer tecidos e fibras como a lá, materiais para construción como pedras e madeira, etc. Sen embargo, as áreas de monte e dentro delas as do monte veciñal foron perdendo as súas funcións tradicionais, paulatinamente desde finais do século XIX e, de maneira acusada, a partir dos anos 40 do pasado século XX. O manexo colectivo tradicional finalizou a partir dos procesos de forestación masiva con especies de crecemento rápido, primeiro con coníferas e posteriormente con eucalipto, ligadas a actividades empresariais con baixo valor engadido. Estes procesos impulsados desde o Estado en moitas ocasións non foron aceptados polas poboacións locais que perdían a posibilidade de usar un elemento básico para as súas economías de subsistencia, polo que as comunidades usuarias do monte realizaron diversas actuacións de resistencia.

Unha análise das iniciativas desenvolvidas no monte actualmente permite constatar que nos últimos anos están a agromar diferentes iniciativas ligadas ás novas lóxicas que se vinculan claramente coa multifuncionalidade do monte. Sen embargo, estas iniciativas non adoitan ser coñecidas máis aló do seu radio cercano. A falta de visibilidade e o recoñecemento das boas prácticas existentes é certamente un problema que é necesario resolver mediante a creación de ferramentas de divulgación, o establecemento de sinerxías entre as entidades comunitarias que actúan baixo a lóxica da multifuncionalidade e a posta en marcha de políticas públicas que fomenten esta cuestión.

4. ÁMBITOS PARA A PRODUCCIÓN COLECTIVA NO MONTE DOUTROS BENS E SERVIZOS NON MADEIREIROS DESTINADOS AO MERCADO

A continuación preséntanse algunhas boas prácticas que poden ser de interese para outras Comunidades locais que xestionen Montes Veciñais en Man Común ou montes privados de maneira colectiva. Coñecer posibles ámbitos de actuación para xerar actividade económica e novas rendas locais e iniciativas concretas que xa se están desenvolvendo ten un enorme interese pola posibilidade de aprender da experiencia das entidades que xa as están desenvolvendo as iniciativas e para ter elementos de análise para estudar a súa posible implementación nos seus montes adaptándoas ás circunstancias particulares e específicas coas que conta cada entidade e comunidade veciñal. Certamente, á hora de pensar no desenvolvemento de calquera iniciativa de aproveitamento de recursos endóxeos non madeireiros resulta fundamental conseguir un alto nivel de coñecemento do ámbito e poder aprender directamente dos erros e dos logros de cada unha das iniciativas existentes que xa contan cunha importante traxectoria temporal. A función económica a partir dos recursos non madeireiros posibilita, entre outras, a xeración de emprego local, unha realidade en moitos montes veciñais que permite o mantemento de familias nas contornas rurais. Esta xeración de actividade económica e a conseguinte obtención de ingresos locais tamén posibilita o desenvolvemento doutras actuacións que incrementan os servizos e melloran a calidade de vida das poboacións locais.

No tocante ás boas prácticas existentes

dentro da función económica de aproveitamentos non madeireiros con valor de mercado no monte, resulta posible sinalar numerosos ámbitos potenciais de desenvolvemento de actividade económica con exemplos concretos de posta en marcha de iniciativas. Estas experiencias están creando emprego local e xerando actividade económica mediante o aproveitamento sustentable dos recursos endóxeos vinculados co monte. Tamén é preciso sinalar como existen exemplos que priorizan o ben común perante outras lóxicas economicistas convencionais. Certamente, algunhas das novas iniciativas económicas non parten soamente dunha racionalidade económica convencional, senón que procuran fortalecer á Comunidade local e a identificación co recurso común empregando procesos de decisión que introducen elementos adicionais como a redución de custos ou a prevención de problemáticas ambientais. A propia natureza definitoria dos Montes Veciñais favorece que esta clase de racionalidades colectivas e non economicistas sexa posible dentro dunha economía de mercado.

O ámbito gandeiro

A introdución de rabaños de gando maior ou menor pode ter diferentes lóxicas que van desde a xeración de actividade económica ate a prevención de incendios forestais e que xustifica diversos exemplos de re-introdución, despois de décadas, de ra-

baños de gando no monte. Certamente, a introdución de animais no monte, sexan de propiedade colectiva, de persoas comunei-ras ou de terceiros supón unha reconexión do monte co sistema agrario e unha boa actividade para previr incendios forestais nun contexto tan complexo e con tantas incertezas nese senso, como o que temos actualmente. Neste mesmo senso, non hai que esquecer que nalgúns dos exemplos de iniciativas recentes, os incendios forestais exerceron de punto de inflexión a partir do cal mudar as dinámicas internas do monte. Exemplos como os de Cova en Pobra de Trives, San Mamede (Carnota) ou Carballo en Friol, con propiedade colectiva dos exemplares de gando, van claramente nesa dirección.

Este primeiro ámbito, o da introdución de gando no monte, tanto vacún, como cabalar, caprino, ovino e o apícola (cunha dinámica diferente), é unha boa práctica de interese desde diferentes vertentes. En primeiro lugar e dependendo da clase de gando esta actuación pode supor un importante avance no control e manexo do mato e na prevención de incendios forestais. Por outra banda, pode supor a creación de emprego local e a xeración de novas rendas para as comunidades locais a partir do aproveitamento dun recurso endóxeno como é o mato. No mesmo senso, esta clase de iniciativas pode favorecer a vinculación da poboación local co seu territorio ao identificarse coa produción xerada e mesmo axudar a manter a biodiversidade xenética se se utilizan algunha das razas de gando autóctonas en perigo de extinción no territorio galego.

Desde o punto de vista da propiedade e da xestión do gando podemos identificar

tres modalidades principais para a introdución de gando:

- Propiedade da Comunidade ou da entidade colectiva: Esta modalidade, que está en expansión nos últimos anos, supón unha maior implicación da CMVMC ou entidade colectiva ao ser ela mesma a titular da explotación gandeira e ter que controlar directamente á cabana gandeira, a través de contratación de persoal ou co traballo voluntario das persoas comunei-ras.

- Propiedade de comuneiros: É unha modalidade estendida en diversos lugares de Galicia, na que poden existir pasteiros comunitarios, onde as persoas comunei-ras poden levar o seu gando dentro das prácticas tradicionais existentes na Comunidade local.

- Propiedade de persoas ou entidade externas á Comunidade local: Esta modalidade implica a cesión ou o alugueiro de terreos cun terceiro para o manexo por parte de gandeiros que aproveiten o pasto ou o mato. É a modalidade con menor implicación directa da Comunidade pero pode ter interese para a xestión dos terreos veciñais ou dos agrupados colectivamente, a xestión do mato e o aproveitamento dos pasteiros.

Esta clase de iniciativas volve a vincular a actividade agraria co manexo forestal, recuperando unha conexión ancestral das comunidades locais co monte e conseguindo moitas externalidades positivas para o territorio, como a prevención de lumes forestais e a xeración de novas rendas.

A produción de enerxía a partir do monte

No tocante ao aproveitamento enerxético do monte, aparecen exemplos de interese no ámbito da biomasa cunha lóxica e unha escala local e un aproveitamento térmico, que escapa das racionalidades macros e da cuestionada produción de electricidade a partir da materia forestal. Así, un dos casos singulares é o caso da CMVMC de Coruxo que conta cun punto verde onde xestiona restos forestais e de xardín da contorna cos que se adica a producir estelas. Tamén existe o exemplo da CMVMC de Xinzo (Pontearreas) que conta cunha caldeira de biomasa que se abastece da biomasa forestal residual propia e coa que dá calor ao centro cultural veciñal da aldea. Este é un ámbito onde resulta posible avanzar enormemente nas vindeiras décadas, sempre tendo en conta a utilización de biomasa residual e unha utilización de ciclo curto.

Por outra banda, resulta constatado que os Montes Veciñais se teñen convertido en importantes produtores de enerxía nas últimas décadas, fundamentalmente a partir do aproveitamento do vento e da produción de enerxía renovable nos parques eólicos. Sen embargo, ata o momento non resulta posible desenvolver proxectos de parques eólicos comunitarios ou cooperativos promovidos directamente polas propias entidades veciñais e polos propietarios dos terreos con aptitudes eólicas, tal e como si se pode facer noutros lugares do norte de Europa e do Mundo. No mesmo

senso, ate o momento, o marco regulador implementado, limitou moito a obtención de rendas eólicas, o que imposibilitou maiores impactos económicos directos para as CMVMC e os propietarios dos montes con potencial eólico que teñen terreos ocupados por parques eólicos⁹.

Os aproveitamentos micolóxicos

No tocante á ordenación e aproveitamento dos recursos micolóxicos están agromando iniciativas de interese como a creación de acoutamentos micolóxicos promovidos e xestionados directamente polas entidades comunitarias propietarias dos montes e que se relanzaron ao abeiro da normativa específica que regula os aproveitamentos micolóxicos¹⁰ aprobada a nivel galego no ano 2014. Esta regulación autonómica, que chegou moito máis tarde que noutros lugares do Estado, sinala que os propietarios do monte teñen dereito a acoutar as súas propiedades para o aproveitamento micolóxico debendo sinalalo nos accesos principais do monte. Sen embargo, resulta relevante constatar que o acoutamento dos MVMC para realizar aproveitamentos micolóxicos xa se tiña desenvolvido polas comunidades locais bastantes anos antes da existencia dunha lexislación específica, principalmente en áreas de Lugo e de Ourense. Na actualidade é posible atopar por diferentes recunchos de Galicia acoutamentos micolóxicos con diferentes modalidades de xestión, como os promovidos polas Comunidades de

9- Máis información sobre este aspecto no Observatorio Eólico de Galicia: <http://observatorio.eolico.webs.uvigo.gal>

10- Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal

Montes de Carballo (Friol), Figueiras (Mondoñedo) ou Salgueirón (Mos).

Alén da ordenación da recolección dos cogomelos silvestres por parte das comunidades locais outro ámbito de desenvolvemento local vinculado cos fungos é o da produción. Neste senso comezan a desenvolverse iniciativas vinculadas co cultivo de fungos saprófitos, principalmente o shii-take, tal e como acontece por parte da comunidade de montes de Couso (Gondomar).

Os aproveitamentos turísticos

A xeración de actividade económica por parte das comunidades locais que xestionan o monte mediante aproveitamentos turísticos xa non son unha entelequia. No País existen numerosas iniciativas vinculadas coa recuperación do patrimonio cultural, etnográfico e arqueolóxico a partir da delimitación, panelización e mesmo a musealización que resultan de enorme interese. Así, por unha banda, existen numerosos exemplos de rutas de sendeirismo promovidas por CMVMC e, por outra, cada vez hai máis exemplos de elementos patrimoniais restaurados, panelizados e sinalizados. Pero tamén resulta posible encontrar experiencias que van máis aló e procuran a obtención de rendas directas. Iniciativas como a da CMVMC de Paraños (Covelo) ou a da CMVMC de Zobra (Lalín) que apostaron por desenvolver estratexias específicas de dinamización local a partir dos recursos culturais e ambientais endóxeos cos que contan. Deste xeito, a CMVMC de Paraños ten innovado coa creación dun Centro de Interpretación sobre o oficio da cerería apícola visitable

e xestionado directamente pola Comunidade local. Pola súa banda, a CMVMC de Zobra apostou pola recuperación de antigas casas vinculadas coa actividade mineira que foron rehabilitadas e convertidas en establecementos de turismo rural. Certamente, a existencia de elementos patrimoniais xa é caracterizada en moitos montes veciñais como un valor a ter en conta á hora de xestionar os seus recursos endóxeos. O patrimonio material e inmaterial aparece como un elemento identitario que mesmo pode ter unha vertente de dinamización económica local, tal e como acontece nos dous casos sinalados anteriormente, onde os proxectos desenvolvidos permiten a xeración de novas rendas a nivel local.

Os froitos do monte (castañas, noces, etc)

O aproveitamento de froitos do monte como as castañas, noces, etc; son moi relevantes en moitos puntos de Galicia. Desde o punto de vista da acción colectiva e da dinamización local resulta de interese destacar as iniciativas que se están producindo nos últimos anos a partir da creación de Cooperativas de Explotación Comunitaria da Terra, co exemplo destacado de Amarelante no concello de Manzaneda. Esta e outras iniciativas semellantes apostan pola cesión e a recuperación de soutos en estado de abandono e a obtención de produtos elaborados a partir de procesos con valor engadido. Por exemplo mediante a transformación da materia prima en forma de fariña e de produtos elaborados como a bica de castaña.

Outros aproveitamentos

O abano de aproveitamentos potenciais con valor de mercado podería ser moi extenso e posiblemente irase ampliando nos vindeiros anos. De feito, hai recursos que non tiñan valor de mercado hai unhas décadas e que na actualidade son recursos relevantes (o caso do vento é un exemplo destacado). Entre os outros posibles aproveitamentos pódese sinalar que as áreas de monte tamén poden ser espazos para o cultivo de pequenos froitos como as framboesas, arandos, gro-

sellas, moras e outros, tal e como xa está desenvolvendo comunidades como a de Couso. Outro aproveitamento que tivo relevancia hai décadas nalgunhas áreas de Galicia e que se está a recuperar por parte de propietarios forestais como comunidades de montes é o da recolección de resina nas áreas de coníferas. Finalmente, ámbitos adicionais como a recolección ou produción de plantas aromáticas e medicinais ou o cultivo de cereais ou outras producións poden ser ámbitos de interese a explorar por parte das comunidades locais.

5. MECANISMOS E ESTRATEXIAS PARA A DINAMIZACIÓN LOCAL DO MONTE A PARTIR DA ACCIÓN COLECTIVA

O punto de partida para calquera estratexia de dinamización do MVMC a partir do aproveitamento dos recursos endóxenos ten que ser o recoñecemento dos nosos recursos propios/locais desde unha óptica ampla e diversa. O monte ten que ser conceptualizado como un espazo con múltiples recursos que cómpre conservar e, na medida do posible, aproveitar para poder avanzar na dinamización local.

Para as entidades veciñais e colectivas sería necesario partir do recoñecemento da existencia dunha base territorial e dunha serie de aptitudes e de recursos que cómpre manexar. En segundo lugar é preciso salientar que como entidades de acción colectiva, cómpre ter claro que sen a existencia de persoas, de Comunidade, non resulta posible manexar os recursos endóxenos e desenvolver calque-

ra iniciativa. Se non existe Comunidade, ou se existe unha Comunidade numericamente moi limitada será preciso deseñar mecanismos para buscar ás persoas interesadas para construír, dun ou doutro xeito, a Comunidade local.

Unha vez recoñecida e analizada a situación inicial e o contexto no que se encontra o monte e a Comunidade é preciso buscar os mecanismos e as ferramentas que permitan fortalecer as nosas iniciativas e aumentar a resiliencia da nosa Comunidade. Así, para poder ter a maior autonomía posible e conseguir a sustentabilidade temporal das nosas iniciativas uns posibles consellos iniciais serían os seguintes:

Empregar **estratexias de minimización de custes**, evitando grandes investimentos económicos iniciais: Os desenvolvemento de iniciativas non madeirables

debe partir do aproveitamento dos recursos endóxeos minimizando, na medida do posible, a realización de grandes investimentos e o endebedamento.

Avanzar na **maximización da participación social**, tanto das persoas comu-neiras como de axentes económicos e sociais que poidan ser aliados á hora de fortalecer nosa iniciativa. Neste senso, ámbitos como o financiamento participativo ou estratexias que incrementen a relación das comunidades locais coas iniciativas serán positivas e a fortalecerán.

No mesmo senso, é positivo apostar por **mecanismos de apoio mutuo**, establecendo sinerxías e buscando economías de escala con outras persoas e entidades que aposten pola valorización dos recursos que aporta o monte.

Ter en conta a existencia de novas oportunidades, tanto de posibles novos produtos a partir dos recursos endóxeos para novos mercados como da existencia de **novos mecanismos de comercialización**, vinculados cos circuítos curtos de venda e cos sistemas de confianza. A existencia de novos procesos de certificación como os sistemas participativos de garantía e as novas relacións entre o mundo urbano e o rural posibilitan novos ámbitos de comercialización vinculados coas cooperativas de consumo, coa venda local directa en mercados locais, a venda na explotación, etc.

A produción diferenciada en calidade. Cómpre salientar como nos montes veci-

ñais están aparecendo producións de calidade respectuosas co medio ambiente, que son un mecanismo de interese para diferenciar o produto e obter un valor engadido adicional. Entre elas podemos salientar principalmente as que se encadran dentro da certificación na agricultura ecolóxica, que aparecen como outra boa práctica con varios exemplos actuais en montes veciñais. Neste eido destacan os aproveitamentos micolóxicos dos cogomelos silvestres de Carballo (Friol) e As Negradas (Guitiriz) e tamén as producións de shii-take (*Lentinula edodes*) da Comunidade de Couso (Gondomar). O outro ámbito no que existen certificacións ecolóxicas no ámbito dos Montes Veciñais é o gandeiro. Así, pódense sinalar os exemplos das actividades gandeiras de Cova (Trives) e Penamá (Allariz) que empregan razas de vacún autóctonas en perigo de extinción como a vianesa ou a limiá, que están adaptadas ás condicións e aos recursos existentes nas áreas de montaña do interior ourensá.

A transformación das producións do monte. A transformación da produción local e o conseguinte valor engadido que se obtén é un ámbito que pode ter moito percorrido para as producións veciñais. Hai ate o momento poucas iniciativas neste senso. Un caso singular é o da CMVMC de Couso que produce pequenos froitos como framboesas e arandos que transforma en marmeladas certificadas como ecolóxicas polo CRAEGA.

6. CONCLUSIONES

No contexto actual con graves problemas socioeconómicos e ambientais no mundo rural galego o manexo dos montes ten que ser unha prioridade para as sociedades e para os diferentes niveis de goberno. A casuística singular do monte en Galicia, pola súa relevancia e polo réxime de propiedade existente, fai que os aproveitamentos non madeirables agromen como unha oportunidade de xerar actividade económica no mundo rural dentro dunha lóxica vinculada coa acción colectiva e coa multifuncionalidade do monte. As Comunidades de Montes e as

entidades de xestión colectiva do monte privado son unha importante ferramenta, comunitaria e veciñal, que potencialmente permiten desenvolver iniciativas de interese.

No contexto actual, que é moi negativo para o mundo rural, están agromando por parte de CMVMC e de outras entidades colectivas iniciativas singulares desde diferentes ámbitos e perspectivas ligadas cos aproveitamentos non madeirables que resultan relevantes a nivel local e que poden abrir o camiño para a súa replicabilidade noutras áreas do País.

ANEXO I TRES EJEMPLOS DE INTERESE

CMVMC de Couso (Gondomar)

A CMVMC de Couso, no concello de Gondomar, é un dos mellores exemplos actuais de dinamismo e de desenvolvemento de aproveitamentos non madeirables con valor de mercado. A aposta pola multifuncionalidade desta comunidade aborda a posta en valor dos recursos patrimoniais da aldea coa creación de roteiros de sendeirismo pero, as iniciativas máis singulares que desenvolve a Comunidade de Couso son a produción e transformación de pequenos froitos e o cultivo de cogomelos saprófitos.

Desde fai uns anos a CMVMC de Couso está a facer a súa aposta por producións de monte diferenciadas, de alta calidade

e con procesos de valor engadido cunha marca propia “Acolá froitos do monte”. De feito, tanto a produción dos pequenos froitos como a de shii-take están certificadas polo CRAEGA dentro da produción ecolóxica e a Comunidade fai procesos de transformación para incrementar o valor dos seus produtos.

A produción de cogomelos aproveita a madeira propia de frondosas para a produción dun cogomelo saprófito de alto valor no mercado, o shii-take. Esta produción está certificada en ecolóxico. No mesmo senso, as producións de pequenos froitos son transformadas en marmeladas ecolóxicas que se venden en tendas e tamén por internet.

Finalmente, cómpre sinalar que a

CMVMC ten sido declarada como ICCA da ONU, que destaca as iniciativas de manexo dos entornos naturais que teñen sido xestionado con éxito polas comunidades locais.

Máis información: <https://es-es.facebook.com/MontesDeCouso>

Monte Cabalar (A Estrada)

No concello de A Estrada desenvólvese a iniciativa de Monte Cabalar SCG, que é unha cooperativa de explotación comunitaria da terra que agrupa aproximadamente 3.600 propiedades de máis de 1.000 propietarios nunha explotación de aproveitamento gandeiro en extensivo con máis de 700 ha de monte pechadas nas parroquias de Somoza, Tabeirós, Nigoi, Arca e Souto.

A experiencia de Monte Cabalar, unha entidade que xa se converteu nunha das iniciativas dinamizadoras referentes a nivel galego, creouse co obxectivo de intervir sobre o abandono e o minifundio e sobre as problemáticas socioambientais, nomeadamente os incendios forestais. Teñen experimentado con diferentes razas de gando para a xestión do mato, contando con gando vacún da raza caldelá, unha das chamadas morenas de Ourense, con porco celta e con cabalo.

Desde Monte Cabalar tense innovado tamén na obtención de produtos, como por exemplo o salchichón elaborado con carne magra de poldro (85%) e touciño de porco celta (15 %). A Cooperativa obtén diferentes produtos cárnicos a partir do aproveitamento e do manexo do mato que comercializan coa súa marca median-

te canles curtas, a través da venda directa a socios, na localidade, en tendas e en feiras.

Máis información: <http://montecabalar.com/>

Abonos Lourido

Esta empresa radicada no lugar de Rebordechán, no concello de Crecente, realiza a valorización dun produto moi vinculado co monte como é o toxo (*Ulex europaeus*). Abonos Lourido, a través dun proceso biolóxico de fermentación lenta e controlada, que dura de 8 meses a un ano do toxo que recollen no monte, obteñen diferentes produtos de calidade.

A empresa establece relacións simbióticas cos propietarios dos montes, principalmente os veciñais, xa que a empresa fai recolleita de toxo e outros compoñentes da matogueira, favorecendo a prevención dos incendios forestais e iniciando un proceso produtivo que comeza no monte, onde fica o mato recollido durante meses para, posteriormente, na planta de procesado rematar o proceso de fermentación e a obtención do produto final para a comercialización.

O toxo é pois a materia prima principal do proceso produtivo de Abonos Lourido co que esta empresa consegue produtos de calidade como o raspadallo, que se obtén mediante a compostaxe de toxo con esterco de animais domésticos; o substrato de toxo ou a enmenda orgánica feita só de toxo que permite a mellora da estrutura e as características físico-químicas da terra.

Máis información: <http://abonoslourido.com>

TERCEIRA PARTE

RELEVANCIA DAS FUNCIÓNS AMBIENTAIS, PAISAXÍSTICAS E COMO ESPAZO DE OCIO DAS TERRAS DE MONTE. COMO RETRIBUÍR ESTAS FUNCIÓNS NON REMUNERADAS POLO MERCADO?

MARÍA XOSÉ VÁZQUEZ
UNIVERSIDADE DE VIGO

1. INTRODUCCIÓN

Actualmente a multifuncionalidade das terras de monte e, en concreto, das masas forestais xa se atopa plenamente recoñecida nas normativas, plans e programas en todos os niveis de goberno. O risco é que o concepto se converta nunha moda e se baleire de contido, como aconteceu no seu momento co desenvolvemento sustentable, derivando cara un recurso publicitario ou de marketing e esquecendo a definición máis técnica, acompañada de medidas reais de planificación e medición.

Para iso, é preciso avanzar sobre o mero recoñecemento da multifuncionalidade dos espazos forestais e a ONU, no ano 2001, fixo a súa contribución poñendo en marcha o proceso de Avaliación de Ecosistemas do Milenio (EMA, 2005). A EMA nace para avaliar as consecuencias que para o benestar social teñen os cambios que se están a producir nos ecosistemas, avanzando cara as posibles respostas a estes cambios. Así xurde o concepto de servizo ambiental ou ecosistémico (SA) como “os beneficios que as persoas obtéñen directa ou indirectamente dos ecosis-

temas e que son producidos polas interaccións dentro do mesmo, incluíndo tanto os beneficios tanxibles como os intanxibles, ou os que teñen valor de mercado e os que non o teñen” (EMA, 2005).

A clasificación da Avaliación de Ecosistemas do Milenio inclúe catro categorías de SA:

1. Servizos de provisión, produción ou abastecemento.
2. Servizos de regulación.
3. Servizos culturais.
4. Servizos de soporte, base ou apoio.

Na práctica estas categorías solápanse, atopando con frecuencia que un mesmo servizo pode incluírse dentro de diferentes categorías.

En primeiro lugar, os servizos de provisión comprenden os produtos, tanto madeirables como non madeirables, que se obteñen dos ecosistemas forestais. Xeralmente son beneficios tanxibles e privados, polo tanto, son obxecto de intercambios

de mercado e teñen prezos asociados.

En segundo lugar, os servizos ambientais de regulación son os que se obteñen dos ecosistemas para as funcións de regulación de determinados procesos naturais, como pode ser a regulación do clima ou do ciclo hidrolóxico. Estas funcións teñen a consideración económica de externalidades ou bens públicos, polo que en xeral estes servizos non se comercializan nin teñen prezos de mercado. Nas últimas décadas, estas funcións veñen situándose nun lugar relevante na preocupación social, debido á elevada degradación á que teñen chegado como consecuencia de priorizar calquera modelo de explotación produtiva (servizos de provisión). Exemplos de funcións con elevada importancia nos plans e programas máis recentes son a función de captura de carbono dos bosques para mitigar o cambio climático ou o papel dos mesmos na conservación de acuíferos e cauces de auga, e consecuentemente na provisión de auga potable, así como na limpeza e purificación dos recursos hídricos.

En terceiro lugar, os servizos ambientais culturais son os beneficios inmateriais que se obteñen dos ecosistemas, vencellados ao desfrute da beleza estética, á relaxación e liberación de tensións, ao ocio e ao recreo. Engloban tanto beneficios intanxibles como coñecemento tradicional ou manifestacións culturais, pero tamén outros máis tanxibles como o turismo e uso recreativo dos montes. Non todos os servizos culturais teñen prezo de mercado, aínda que é indiscutible o seu efecto sobre o benestar individual e social. Obsérvase tamén nos últimos anos como a demanda social deste tipo de servizos ten aumentado, á vez que se percibe un crecente dete-

rioro da capacidade dos ecosistemas para proporcionarlos, coa perda de espazos naturais e paisaxes de elevado valor cultural.

Finalmente, os servizos de soporte son aqueles procesos ecolóxicos necesarios para a produción do resto dos servizos. Esta categoría é especial e diferente das anteriores pois trátase de funcións de carácter indirecto, con efectos a longo prazo, e o seu deterioro ten consecuencias moi graves e é difícil de reverter. Exemplos de servizos de soporte son a formación de solo, o ciclo de nutrientes, a produción de osíxeno atmosférico, etc.

Debemos facer especial mención ao caso da biodiversidade, pois pode ser un elemento que engloba a todo o conxunto de servizos ambientais e sería, por tanto, transversal ás catro categorías anteriores. Ou alternativamente, podería situarse como un servizo de soporte, pois é unha condición imprescindible para a provisión a longo prazo do resto dos servizos, incluídos o resto de servizos de soporte.

O concepto de Servizo Ambiental (SA) permite, en consecuencia, dar realismo aos conceptos de multifuncionalidade e sustentabilidade, pois define o obxectivo dunha boa xestión dos recursos cara a provisión de múltiples servizos para satisfacer unha demanda definida ou proporcionar un benestar social claro e evidente.


É preciso entón avanzar e, seguindo o esquema definido no Gráfico 1, investigar e traballar na valoración dos beneficios que a sociedade obtén destes servizos ambientais ou ecosistémicos, no caso que nos ocupa, aplicados ás terras de monte. Esta valoración é precisamente o vínculo clave entre as funcións dos ecosistemas e os bens e servizos que proporcionan, sempre abordando estes bens e

servizos dente unha perspectiva ampla, que transcende a aqueles bens comerciais con prezos de mercado. Seguindo o mesmo esquema do Gráfico 1, o obxectivo final desta interesante aproximación será ou debería ser a definición de pagos ou remuneracións por servizos ambientais, para conseguir que por ausencia de prezos de mercado ou valores comerciais, sexan precisamente os servizos máis demandados pola sociedade actual, os que estean sufrindo maiores ameazas e un risco superior de deterioro.

Xa centrándonos nas terras de monte, e con esta perspectiva ampla das súas funcións, este traballo, recollendo conti-

dos da sesión 4 da IV Reunión Casal de Armán, con título “O monte galego no século XXI” (Ribadavia, 30 de Maio de 2019), organizarase como sigue. Presentaremos 1) unha breve descrición de como aparece recollido o concepto de SA dos montes nalgunhas das normativas máis salientables, 2) unha selección de experiencias moi ambiciosas e relevantes de valoración económica de sistemas ambientais do monte, e 3) algunhas prácticas específicas e pioneiras de definición e uso práctico de pagos ou remuneracións por servizos ambientais. Finalmente, pecharemos o texto con algunhas conclusións sobre o máis salientable da sesión.

Gráfico 1. Proceso de identificación, valoración e remuneración de servizos ambientais



Fonte: Elaboración propia.

2. SERVIZOS AMBIENTAIS DOS MONTES E O MARCO LEGAL ACTUAL.

Neste epígrafe realizaremos unha breve selección do marco legal básico internacional, nacional e autonómico e como se aborda nel a multifuncionalidade, sustentabilidade e servizos ecosistémicos dos montes.

En primeiro lugar e comezando polo ámbito internacional, xa na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento (Rio de Janeiro), recoñeciase a transcendencia global dos bosques pola súa contribución ao mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais (ciclo hidrolóxico, cambio climático e preservación da biodiversidade). A nivel europeo, foi o Regulamento (CE) 2152/2003 do Parlamento e Consello, sobre seguimento dos bosques e interaccións ambientais, dos primeiros en recoñecer que “os bosques desempeñan varias funcións de importancia para a sociedade. Aparte da súa notable contribución ao desenvolvemento das zonas rurais, revisten un valor esencial para a conservación da natureza, desempeñan un importante papel na preservación do medio ambiente, son parte fundamental do ciclo de carbono e importantes sumidoiros deste elemento, e constitúen un factor de control capital do ciclo hidrolóxico”.

Xa a nivel estatal, a Lei 43/2003, Básica de Montes e Leis Forestais Autonómicas, atribúe aos montes funcións ecolóxicas, económicas e sociais (multifuncionalidade). Esa concepción leva á necesidade de optar por unha xestión forestal que ponce ao máximo esa multifuncionalidade. Tamén a Estratexia Forestal Españo-

la (2000) indicaba que a xestión sostible dos montes pasa por permitir a máxima realización de todo o seu potencial multifuncional. Finalmente, na modificación da Lei de Montes de 2006, manténdose a clasificación de montes segundo a súa titularidade (públicos, privados) esta pasa a ser menos relevante, aumentando a énfase naqueles montes que incorporen especiais valores multifuncionais. Xorden así os conceptos de montes de utilidade pública, protectores ou con outras figuras de especial protección.

Este concepto de monte protector recóllese tamén na Lei 7/2012 de Montes de Galicia, que establece que son montes protectores se cumpren unha serie de condicións, moi vencelladas todas elas ás catro categorías de servizos ecosistémicos ou SA:

- ser esenciais para a protección do solo fronte aos procesos de erosión;
- estar ubicados nas cabeceiras das concas hidrográficas ou contribuír decisivamente á regulación do réxime hidrolóxico, evitando e reducindo aludes, riadas e inundacións e defendendo poboacións, cultivos e infraestruturas;
- encontrarse nas áreas de actuación prioritaria para os traballos de conservación de solos fronte a procesos de erosión e de corrección hidrolóxico-forestal e, en especial, as dunas continentais;

- evitar ou reducir os desprendementos de terras ou rocas e o aterramento de encoros ou protexer cultivos e infraestruturas contra o vento;

- encontrarse nos perímetros de protección das captacións superficiais e soterradas de auga;

- formar parte dos tramos fluviais de interese ambiental ou ser necesarios para acadar os obxectivos dos plans hidrolóxicos;

- estar ubicados en áreas forestais declaradas protexidas por un plan de ordenación de recursos naturais ou un plan de ordenación de recursos forestais;

- estar destinados, non obstante carecer das condicións recollidas nos guións primeiro, segundo ou cuarto, á repoboación ou mellora forestal;

- contribuír á conservación da **diversidade biolóxica** a través do mantemento dos sistemas ecolóxicos e á protección da flora e a fauna;

- formar masas arbóreas de especial interese na **conservación do patrimonio xenético forestal** ou constituír masas de especial valor estratéxico;

- estar vencellados á **satisfacción de intereses xenerais e, en concreto, á protección e mellora da calidade de vida da zona ou ao ocio e esparcemento dos cidadáns;**

- estar incluídos en zonas de alto risco de incendio;

- mostrar valores forestais de especial significación;

- estar destinados á restauración, repoboación ou mellora forestal cos fins de protección de aqueles.

Tamén en Galicia, a primeira revisión do Plan Forestal de Galicia de 1992 (Consejería do Medio Rural, 2016) fundaméntase nos principios de:

- Gobernanza e lexitimidade.

- **Multifuncionalidade, conservación da biodiversidade e fomento dos servizos ecosistémicos.**

- **Loita contra o cambio climático e desertificación.**

- Fomento da bioeconomía.

- Emprego verde e innovación industrial.

- Participación pública (transparencia).

Finalmente, no PDR 2014-2020, no Eixo 1: Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais, establécese coma prioridade “Restaurar, conservar e mellorar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura”. Neste eixo, o PDR indica que aproximadamente o 11% dos fondos destinaranse a xestión hídrica e á xestión do solo.

3. EXPERIENCIAS DE VALORACIÓN DE SERVICIOS AMBIENTAIS DOS MONTES

A valoración económica dos servizos ambientais é un reto técnico de primeiro nivel pois trata de estimar un valor económico a moitas funcións sen mercado (sen prezos) e a súa base teórica descansa na teoría económica das externalidades ou bens públicos. O fundamento desta teoría explica que determinado tipo de bens, dadas as súas características, nunca serían proporcionados por un provedor privado (bens públicos) ou existen fallos de mercado que impiden que, na situación actual, sexan proporcionados no nivel óptimo que a sociedade demanda (externalidades). A valoración económica e os seus métodos, ás veces innovadores e polémicos, intenta ofrecer unha solución ao problema real dos fallos de mercado. Os valores obtidos proporcionan información e apoio na toma de decisións, na definición de prioridades de política forestal, na determinación de indemnizacións, no cálculo de contabilidade ambiental, ou na determinación do valor do capital natural (Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e Biodiversidade). A mesma Lei do Patrimonio Natural e Biodiversidade indica que “As Administracións Públicas deben dotarse de ferramentas que permitan coñecer o estado de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade española...”. Neste ámbito enmárcanse os proxectos que describiremos a continuación, especialmente relevantes pola súa visión ampla tanto a nivel metodolóxico como espacial.

3.1. Proxecto VANE

O proxecto Valoración de los Activos Naturales en España (VANE) foi liderado pola Universidade de Alcalá en colaboración co Ministerio de Medio Ambiente, co obxectivo de avanzar na identificación e valoración económica das funcións e servizos ambientais no territorio español (rendas dos servizos ambientais, fundamentalmente valores de uso) e na elaboración dun sistema de información territorial do capital natural, que permite a presentación cartográfica dos resultados.

No proxecto identifícanse e estímense valores de oito activos naturais, definidos (Moratilla, 2010) como “territorios o espazos físicos que sustentan un determinado tipo de ecosistemas y que ofrecen bienes y servicios ambientales iguales o muy parecidos, susceptibles además de incorporar un modelo de valor único.” Os activos ambientais considerados foron os seguintes: (1) océano aberto e plataforma continental; (2) zona costeira; (3) augas continentais; (4) solo agrícola e pastos; (5) bosques; (6) zonas áridas e desertos; (7) roquedos e zonas de alta montaña, e (8) espazos naturais protexidos.

Tal e como se presenta na Táboa 1, extraída dos resultados do proxecto, observamos que o valor das rendas da superficie forestal no seu conxunto ascende a aproximadamente 650 €/ha./ano (16.600 millóns de euros en total). Destas rendas, os propietarios só reciben o 4,1% (usos

tradicionais con prezo de mercado). A maior parte do valor concéntrase no servizo de provisión de auga e na captura de carbono atmosférico (mitigación do cambio climático), e entre ambos supoñen o 85,7% do valor total.

Táboa 1. Algúns resultados do proxecto VANE

Servicio	Superficie con valor (ha)	Valor (miles EUR. año ⁻¹)	% TF	Valor unitario (EUR. ha ⁻¹ . año ⁻¹)
PROVISIÓN DE AGUA	25.502.465	11.553.241	69,8%	453,02
CAPTURA DE CARBONO	22.680.188	2.629.493	15,9%	115,94
TRADICIONALES DEL MONTE	17.160.755	673.504	4,1%	39,25
CONSERVACIÓN BIODIVERSIDAD	23.975.748	547.989	3,3%	22,86
EROSIÓN	20.555.684	375.851	2,3%	18,28
RECREO (interior)	21.762.429	327.749	2,0%	15,06
GANADERÍA	24.220.109	279.932	1,7%	11,56
AGUAS CONTINENTALES	16.398.471	130.850	0,8%	7,98
TOTAL FORESTAL	25.502.465	16.558.875	100,0%	649,3

Nota: Superficie con valor es el total de superficie forestal valorada. %TF porcentaje del servicio sobre el valor total; y Valor unitario es el valor promedio de las hectáreas valoradas.

Fuente: modificado de Valoración de los Activos Naturales de España, MARM (2010)

Fonte: CONAMA, 2012.

Para profundar na metodoloxía e resultados deste proxecto ver Moratilla (2010) ou <http://www.ecomilenio.es/resumen-del-estado-del-proyecto-boletin-emen9-abril-2013/2942>.

3.2. Proxecto RECAMAN (Valoración de la Renta y del Capital de los Montes de Andalucía)

O obxectivo deste proxecto era elaborar un sistema de contabilidade verde e

desenvolver sistemas de contas agroforestais, cunha aplicación enfocada a calcular a renda o capital dos montes en Andalucía. O proxecto RECAMAN estaba liderado polo Centro Superior de Investigacións Científicas (Pablo Campos)

co apoio da Junta Andalucía. O proxecto tiña catro partes nas cales se estimaban diferentes servizos ou rendas vencellados aos montes andaluces:

1. Valoración de servizos ambientais de propietarios de montes.
2. Valoración de autoconsumo cinxético de cazadores non comerciais.
3. Valoración de servizos ambientais de visitantes de montes en Andalucía.
4. Valoración de servizos ambientais dos montes de Andalucía consumidos polos fogares españois.

Os resultados son moi extensos e están recollidos en 15 memorias científicas agrupadas en 5 volumes (catro publicados en 2015 e un en 2016). Os principais obxectivos e retos deste ambicioso proxecto foron recollidos en Campos et al. (2015). Segundo Díaz-Balteiro (2017) “el fin último que fundamenta el proyecto RECAMAN es el desarrollo de metodologías contables basadas en conocimientos científicos intradisciplinarios que favorezcan la medición de la renta total social del monte y el análisis prospectivo de esta última¹¹”


O proxecto segue a clasificación CICES, recollida en United Nations (2014), e agrupa as rendas ambientais dos ecosistemas en servizos de subministro, regulación e culturais. Como mostra de resultados na Figura 2 e na Táboa 2, recóllense as rendas ambientais (apartado 4 dos obxectivos do proxecto) dos ecosistemas fo-

restais en Andalucía. Obsérvase que as rendas ambientais dos servizos culturais superan por si mesmas ás dos servizos de subministro de materias primas, aínda que as tres agrupacións de rendas presentan valores bastante similares. Dentro dos servizos de subministro de materias primas, é destacable que o de maior peso é o subministro de auga.

Predominan as rendas ambientais públicas (Táboa 2) no conxunto dos ecosistemas forestais andaluces, se ben as rendas ambientais privadas contribúen con algo máis do 39% das rendas ambientais. Por tipo de formación forestal (Táboa 2) destaca a comparación entre bosque e dehesa. Os bosques amosan claro predominio dos servizos de regulación. A madeira e a auga natural forestal superficial regulada fora dos ecosistemas forestais son os servizos de subministro de maior importancia dos bosques. A formación forestal adehesada amosa unha contribución dos servizos de regulación notablemente inferior aos bosques. Os servizos de subministro e culturais empatan nas dehesas e case dobran aos seus servizos de regulación. As dehesas superan o 41 % da superficie total dos case 4,4 millóns de hectáreas dos ecosistemas forestais andaluces que valorou RECAMAN e contribúen con cerca do 50% das rendas ambientais dos ecosistemas forestais andaluces en 2010. No seu conxunto as rendas ambientais dos bosques aproxímanse ao 30% do total dos ecosistemas forestais andaluces, contribución que se sitúa lixeiramente por enriba da súa contribución en superficie (Campos e Caparrós, 2016).

11- www.recaman.es

Figura 2: Rendas ambientais dos ecosistemas forestais en Andalucía (2010: €/ha)



Fonte: extraído de Campos e Caparrós (2016)

Táboa 2. Distribución das rendas ambientais forestais de Andalucía por tipo de formación forestal (2010: miles de euros)

Clase	Bosque	Dehesa	Matorral	Pastizal	Andalucía
Suministro de materias primas	180.641	325.879	34.389	22.856	563.764
Madera	89.997	1.431	0	0	91.428
Corcho	1.691	78.827	0	0	80.518
Leña	667	13.668	0	0	14.336
Piñón y castaña	764	27	0	0	791
Pasto y bellota	6.569	39.319	5.956	4.775	56.619
Setas	7.773	33.216	1.126	310	42.424
Agua	73.180	159.391	27.307	17.771	277.649
Servicios de regulación	314.375	176.630	31.759	2.709	525.473
Carbono	239.405	86.712	1.247	-6	327.358
Paisaje	60.735	77.643	9.426	44	147.849
Biodiversidad	14.236	12.275	21.086	2.670	50.266
Servicios culturales	9.354	323.729	237.751	27.501	598.335
Caza	5.110	13.960	3.306	638	23.013
Autoconsumo ambiental	-58.190	256.047	178.482	20.748	397.087
Servicio recreativo público	62.435	53.722	55.963	6.116	178.235
Total	504.370	826.238	303.899	53.065	1.687.572
Privado	46.607	403.279	187.744	26.160	663.791
Público	457.763	422.958	116.155	26.905	1.023.781

Fonte: extraído de Campos e Caparrós (2016)

3.3. Proxecto SYLVAMED

SylvaMED (2010-2013) foi un proxecto europeo de cooperación territorial que formaba parte do programa transnacional MED. O proxecto tiña como obxectivo promover a integración innovadora dos servizos ambientais dos bosques nas políticas mediante a demostración da sustentabilidade ambiental e económica dos mecanismos de Pago por Servizos Ambientais (PSA) e Incentivos Baseados nos Mercados (IBM) no ámbito Mediterráneo. Ambos mecanismos contemplaban tanto a conservación dos recursos naturais como ingresos extra para as poboacións locais.

Obxectivos xerais do “proxecto”

1. Involucrar ás administracións rexionais na mellora da sustentabilidade ambiental mediante unha mellor xestión forestal: mesas redondas público-privadas, avaliacións comparativas a nivel rexional, marcos económicos e legais. Resultado: ferramentas políticas para as administracións públicas.

2. Propor e impulsar iniciativas públicas e estruturadas polo pago dos servizos ambientais dos bosques mediante mecanismos de Pago por Servizos Ambientais (PSA) e IBM: Experimentos demostrativos a nivel rexional como probas piloto (protección de concas hidrográficas e mellora da calidade, regulación do acceso do público a zonas forestais vulnerables, comercialización de produtos forestais non madeireiros sen valorizar), política de harmonización e mellora en todos os niveis administrativos. Resultado: aplicación sobre o terreo.

3. Orientar aos responsables políticos e ao público en xeral para completar o baleiro de comunicación existente acerca dos beneficios colectivos que ofrecen os bosques e que non se comercializan: difusión horizontal e vertical, campañas de sensibilización. Resultado: difusión de resultados e sensibilización nos servizos ambientais que proporcionan os bosques e a súa importancia no contexto Mediterráneo.

4. PAGO POR SERVICIOS AMBIENTALES (PSA)

Un PSA defínese como unha transacción voluntaria na que un servizo ambiental ben definido é “mercado” por un (mínimo de un) comprador de servizos ambientais, se e só se o provedor do servizo subministra continuamente dito servizo (Wunder, 2005).

Cando os servizos ecosistémicos gratuitos comezan a escasear debido á explotación, estes adquiren valor económico. Os usuarios do servizo poden interesarse en compensar aos xestores e propietarios locais dos recursos para garantir que os servizos necesarios sexan subministrados no futuro. Se se efectúa dita compensación, os provedores locais do servizo recibirán un ingreso polos esforzos adicionais de protección. É un mecanismo flexible e adaptable, para facilitar o pago e cobro dunha externalidade a quen desexe adquirila e ofertala, permitindo empregar eses fondos na conservación dos recursos e no desenvolvemento rural sostible dos territorios.

En definitiva, os PSA xorden como unha consecuencia lóxica e necesaria no proceso de identificación de servizos ambientais e valoración económica dos mesmos. Unha vez identificados e avaliados, os servizos ambientais deben ser remunerados como unha maneira de corrixir os fallos de mercado. A conservación dos ecosistemas e as actividades que contribúan a esta conservación deben ser remuneradas adecuadamente segundo a súa contribución de servizos ecosistémicos, mediante unha extensión do principio “quen con-

tamina, paga” a “a quen descontamina, págaselle”. E, dende o lado da demanda, podemos utilizar analogamente o principio “quen se beneficia, paga”, coas súas dúas variantes, o usuario paga ou o beneficiario compensa.

Os primeiros pasos deste tipo de sistemas de PSA aparecen na propia consideración dos montes no marco da política de desenvolvemento rural (medidas de acompañamento da PAC (Regulamento (CE) 1782/2003), que contemplaban xa medidas de compensación económica para compensar a falta de rendibilidade dos montes. Tamén na mesma época a Ley 43/2003, Básica de Montes e algunhas Leis forestais autonómicas, recollían a necesidade de incentivar as externalidades positivas dos montes.

Experiencias de PSA 1: Custodia do territorio ou ambiental

As primeiras experiencias de PSA foron as relacionadas coa Custodia do Territorio ou Custodia Ambiental, que estaban contempladas na Ley 42/2007 de Patrimonio Natural e Biodiversidade, como consecuencia dun movemento intenso de conservación da natureza xurdido en Europa naquela década. O obxectivo era facilitar iniciativas voluntarias de conservación da natureza e da paisaxe, mediante a comunicación entre propietarios públicos ou privados e unha entidade de custodia que asesora para levar a cabo unha xestión orientada á conservación de valores

e recursos (ONG ou entidade pública), podendo tamén participar outros axentes públicos e privados. Os acordos aos que se chegan son todos diferentes, en base aos intereses das partes, adquirindo as responsabilidades que se consideren en cada caso, dende unha colaboración puntual ate a cesión/adquisición de dereitos de uso e xestión dunha finca.

No 2014, o MAGRAMA crea a Plataforma Estatal de Custodia do Territorio, coordinada pola Fundación Biodiversidad. Segundo o 5º Inventario de Iniciativas de Custodia do Territorio en España (Fundación Biodiversidad, 2018E), a superficie terrestre total dedicada á custodia do territorio en España é de 370.272 ha., ademais de 308.200 ha. de custodia mariña e 349.846 ha de custodia cinexética. Hai un total de 166 entidades involucradas en case 2.500 acordos. A nivel rexional, as comunidades autónomas onde a custodia ten maior implantación son Cataluña (766 acordos), Rexión de Murcia (337), Castela – A Mancha (222) e Comunidade Valenciana (215).

Estes acordos de custodia tiveron a súa orixe e foron amplamente utilizados en Canadá e Estados Unidos, dentro do programa¹² “Community Forests” (actualmente con proxección mundial).

En España destaca o proxecto SELVANS (Cataluña) onde se aplicaron con éxito sistemas de PSA. En 2005 comezouse unha experiencia en Montseny (Girona) que logo en 2008 se estendeu á provincia de Girona e en 2013 por toda Cataluña. O sistema consistía en comprar dereitos de tala de

bosques incluídos no Inventario de Bosques Singulares de Cataluña, por parte de administracións públicas ou particulares, para recompensar o compromiso de protexer a evolución natural destes bosques durante 30 anos (Gorritz e Prokofieva, 2011).

En Galicia existe a Rede Galega de Entidades para a Custodia do Territorio e a Asociación Galega de Custodia do Territorio. Os proxectos en marcha son aínda escasos en número, destacando na Terra Cha un acordo de custodia coa Deputación de Lugo para a xestión das Insuas do Miño e os Ollos de Begonte (2014-2018) e nos Ancares e Courel, a colaboración cos veciños de Piornedo nunha propiedade comunal de máis de 800 ha. con numerosos hábitats e especies de grande interese ecolóxico, así como a creación de seis pequenos espazos como microreservas de orquídeas silvestres. En ningún dos acordos de custodia en Galicia podemos falar da aplicación de sistemas de PSA.

Experiencias de PSA 2: “Céntimo forestal”

Relaciónanse co pago por dúas das externalidades ambientais positivas que prestan os montes: os montes como sumidoiro de gases de efecto invernadoiro (GEI) e como regulador do ciclo hidrolóxico (regulación ciclo da auga, cantidade e calidade). Nestes aspectos, Costa Rica foi país pioneiro (tamén México, Ecuador, El Salvador, Guatemala, Colombia), con programas privados, públicos e mixtos onde os beneficiarios dos servizos hidrolóxicos

12- <https://forestsinternational.org/regions/> e <https://www.fs.fed.us/managing-land/private-land/community-forest/program>

dos bosques fan transferencias económicas directas ou indirectas aos propietarios das zonas forestais que os proveen.

En países como Honduras hai cidades que pagan aos labregos das concas produtoras de auga para que coiden dos bosques que manteñen limpos e constantes os cauces de auga. En Guatemala, Coca-Cola entre outras entidades financia a conservación da Reserva da Biosfera “Sierra de Las Minas” da que nace a auga que posteriormente utilizan. En Ecuador, os habitantes de Quito a través do Fondo Nacional del Agua (FONAG) garanten o aprovisionamento hídrico da cidade a través da financiación dos espazos naturais que a rodean.

En Costa Rica, xa nos anos 90s, creáronse sistemas para compensar a propietarios forestais que cesaran na súa actividade de explotación madeireira ou gandeira e traballasen para producir servizos ambientais. O paso definitivo produciuse coa Lei Forestal (1996) que recoñece os servizos ambientais que proporcionan os bosques e plantacións forestais (mitigación de gases de efecto invernadoiro e protección de auga para uso urbano, rural ou hidroeléctrico...) e incorpóraos as contas nacionais. Tamén se crea o PPSA (Programa de Pago por Servizos Ambientais), a través do Fondo Nacional de Financiamiento Forestal (FONAFIFO), que leva consigo un recoñecemento financeiro aos pequenos e medianos propietarios de bosques e plantacións forestais polos servizos ambientais que proveen e que inciden directamente na protección e mellora do medio ambiente, aumentando o valor ecolóxico, económico e social dos bosques. A orixe

dos fondos o imposto sobre combustibles (o 3,5% vai destinado a este fondo), tamén se contemplan aportacións do Estado e doazóns ou créditos de organismos internacionais ou outros países (Banco Mundial, Alemaña) así como convenios con empresas privadas mediante Certificados de Servizos Ambientales.

A maior escala, e desde la COP 15 de Copenhague do Convenio de Cambio Climático, o futuro mecanismo REDD+ propónse como o maior mecanismo de pago por servizos ambientais a escala global. Neste caso os países desenvolvidos estaremos compensando a non emisión de gases efecto invernadoiro por parte de territorios que estiveran en risco de deforestación. É esta deforestación, equivalente á desaparición dunha superficie forestal equivalente a toda España cada catro anos, a responsable do 15 ao 20% das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), e que o informe Stern especifica que a redución da deforestación é a forma máis barata de frear o incremento de emisións.

En España, existen propostas de destinar a un fin similar parte do imposto sobre combustibles ou hidrocarburos e unha taxa finalista sobre a auga. O Principio de recuperación de costes dos servizos relacionados coa auga (art. 9 DMA, 2000), inclúe “coste financeiros da prestación dos servizos, os custes ambientais e os do recurso, en conformidade co principio QCP”. Dentro do concepto de coste ambiental podería incluírse unha partida económica para financiar e compensar economicamente aos propietarios e xestores de montes que especialmente estean xestionados para favorecer a súa función de regulación do

recurso hídrico, con impacto na conservación das concas hidrográficas.

Experiencias de PSA 3: PAC 2014-2020

A PAC 2014-2020 parece proporcionar unha base sólida para o comezo da implantación de sistemas de PSA. A Unión Europea (UE) distingue entre bens públicos básicos que deben ser apoiados mediante pagos directos a agricultores e silvicultores (Pilar I), e bens públicos máis específicos, que deben ser apoiados a través do Pilar II, de medidas de desenvolvemento rural.

Na nova PAC 2014-2020 mantense esta estrutura (Rodríguez-Chaves, 2015).¹³ Así o Pilar I, financiado en exclusiva pola UE, contempla o Greening ou Pago Verde, coa esixencia de mantemento de Superficies de Interese Ecolóxico (SIE). É salientable que aínda que o propio regulamento destaca entre estas superficies, as áreas ou espazos forestais, o Estado Español non inclúe aos montes como SIE, supostamente porque a maioría de montes de titularidade privada non contan con Plan de Xestión Forestal, que esixe a PAC, e porque a gran maioría dos silvicultores

non tiña recibido pagos directos no período anterior, polo que non terían dereito a solicitar o pago básico neste período.

No Pilar II, que contempla a política de desenvolvemento rural con incidencia forestal, nas súas seis prioridades, destacan a 4) restauración, conservación e mellora de ecosistemas dependentes da agricultura e silvicultura e 5) promover a eficiencia dos recursos a alentar o paso a unha economía hipocarbónica e capaz de adaptarse aos cambios climáticos no sector agrícola, no dos alimentos e o silvícola. Estas prioridades deben ser incluídas nos PDR (Plans de Desenvolvemento Rural). Por exemplo, do paquete de necesidades específicas que se poden incluír nos PDRs que establece o Regulamento 1305/2013 de axuda ao desenvolvemento rural, podemos destacar dous: (1) pagos por servicios silvoambientales, climáticos e de conservación dos bosques e (2) inversións para incrementar a capacidade de adaptación e o valor ambiental dos sistemas forestais. Para unha análise máis extensa ver Rodríguez-Chaves (2015) sobre como integrar os PSA no dereito interno español no marco da nova PAC 2015-2020.

13- Todos os pagos directos (pago básico) están suxeitos á ecocondicionalidade ambiental, pero ademais ligado ao pago básico regúlase un pago verde para os agricultores que aplican prácticas beneficiosas para o clima e o medio ambiente (Greening), ao que se destina o 30% do límite máximo nacional anual.

5. CONCLUSIONES

Esta sesión relacionada coas funcións ambientais, paisaxísticas e como espazo de ocio dos montes tiña como obxectivo reflexionar sobre a necesidade de identificar, valorar e remunerar os servizos ambientais ou ecosistémicos das terras de monte, se desexamos que determinados servizos, actualmente non remunerados polo mercado, pero de elevado valor social e ambiental, non se atopen en situación de crecente deterioro.

Repasamos o concepto de SA e a súa clasificación, incidindo especialmente naqueles servizos que carecen de prezo de mercado (de regulación, culturais e de soporte). Comprobamos como as normativas forestais incorporan actualmente conceptos como multifuncionalidade, sustentabilidade e servizos dos ecosistemas. Presentamos algúns proxectos de valoración económica dos SA destacables pola súa amplitude de obxectivos, pola súa metodoloxía e pola súa repercusión para o deseño de políticas públicas e rematamos describindo moi brevemente algúns exemplos prácticos, internacionais e nacionais, nos que xa se ten avanzado cara a definición de pagos ou remuneracións que compensen actividades de conservación de SA.

Como sociedade debemos tomar decisións eficientes e informadas para xestionar mellor as nosas áreas de montaña. A identificación dos SA, a súa valoración e o establecemento dos adecuados pagos ou remuneracións aos seus provedores, contribúen a protexer determinadas funcións actualmente ameazadas dos ecosistemas, neste caso dos nosos montes. Trátase de

corrixir un fallo de mercado, pois este tal e como está definido, non transmite os adecuados sinais para que exista oferta suficiente de servizos de soporte, de regulación ou culturais. Tan só é preciso obter e transmitir esa información para que os axentes do mundo rural coñezan que demanda a sociedade e canto está disposta a pagar para acadalo, facendo eses pagos reais e creando novas oportunidades de desenvolvemento económico onde son máis necesarias.

As ponencias presentadas nesta sesión contribúen a identificar os servizos ambientais dos nosos montes e a demostrar a necesidade da súa valoración e remuneración. Dende a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) explícase con exemplos prácticos a importancia da cuberta vexetal para o mantemento e recuperación de cauces, así como o uso de tecnoloxías que se basan na función depurativa da vexetación para recuperar espazos contaminados. Dende a Reserva da Biosfera Gerês-Xurés explícase como abordar a conservación da biodiversidade dende un punto de vista integrador coas actividades rurais e tamén como determinadas funcións de soporte e regulación das reservas galegas están en risco. Finalmente, dende o Instituto de Estudos Miñoranos, destaca como determinadas funcións culturais dos montes están sendo seriamente ameazadas por unha xestión cortoplacista e desinformada, cando realmente deberían considerarse oportunidades económicas importantísimas para os diferentes axentes vencellados aos montes.

REFERENCIAS

Campos P. (2015). *Cuentas agroforestales: Retos de la medición de la renta total social de los montes de Andalucía*. En: *Economía y selviculturas de los montes de Andalucía* (Campos P., Díaz-Balteiro L., Eds.). *Memorias científicas de RECAMAN. Volumen 1. Memoria 1.1*. Editorial CSIC, Madrid.

Campos, P., e Caparrós, A., (2016). *Valoración de los Servicios Públicos y la Renta Social de los Sistemas Forestales en Andalucía*. *Memorias científicas de RECAMAN. Volumen 5*. Editorial CSIC, Madrid.

Díaz-Balteiro, L. (2017). "Valoración forestal: el proyecto RECAMAN". <http://www.balteiro.com/es/node/219>.

Gorriz, E., e Prokofieva, I. (2011). "Analysis of three economic incentives for the provision of forest goods and services in Catalonia (Spain)". *Spanish Journal of Rural Development*, 74-86.

CONAMA. 2012. GT.16. Pago por servicios ambientales: la PAC. CONAMA 2012.

Martínez de Anguita, P. y Flores, P. 2013. Diseño de sistemas público privados de pago por servicios de los ecosistemas. MAGRAMA. Disponible en web gratuito.

Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino. Valoración de los activos naturales de España. Serie Sostenibilidad y Territorio. Centro de Publicaciones. Secretaría General Técnica. Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino. Madrid. 2010.

Moratilla, F. E. (2010). "Valoración de los Activos Naturales en España". *Revista Ambienta*, 91, pp. 76-92.

Rodríguez-Chaves Mimbrero, B. (2015). Apuntes sobre la implementación de PSA para compensar los servicios ambientales de los montes en el Derecho interno español en el marco de la PAC 2015-2020. Comunicación presentada al Congreso de la Red ECOVER (A Coruña, 19 e 20 de Novembro de 2015). En el libro *Derecho Ambiental en Tiempo de Crisis*. Ed. Tirant lo Blanch. Coord: Javier Sanz e Lucía Casado.

United Nations (UN), European Commission, Food and Agriculture Organization of the United Nations, Organization for Economic Co-operation and Development, World Bank Group 2014b. *System of Environmental Economic Accounting 2012- Experimental Ecosystem Accounting*. United Nations, New York.

Wunder, S. (2005). *Payments for environmental services: some nuts and bolts*. CIFOR (Center for International Forestry Research) Occasional Paper N° 42.

ANEXO II.1

O PAPEL DA CUBERTA VEXETAL NA CONSERVACIÓN DE CAUCES FLUVIAIS.

José Carlos Bueno Gómez

Xefe da Sección Técnica. Comisaría de Aguas. Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

María Esther de Castro Arriba

Xefa da Sección Técnica. Área de Xestión Medioambiental, Calidade de Augas e Vertidos. Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

<https://www.chminosil.es/es/>

Esta intervención ten como obxectivo a presentación dun tipo de actividades pouco coñecidas das confederacións hidrográficas, e en concreto da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS): os proxectos de conservación e restauración de cauces, e aqueles relacionados coa sanidade forestal en ecosistemas fluviais. Ambos tipos de proxectos teñen á cuberta forestal e a vexetación en xeral como os seus protagonistas, pois teñen unha función fundamental na conservación e recuperación de cauces de auga.

A CHMS ten competencias de xestión na parte española das conchas hidrográficas dos ríos Miño, Sil e Limia, polo cal a súa demarcación é intercomunitaria e internacional, con tramos de xestión compartida con Portugal (os últimos 76 kms do Río Miño e o Río Limia cos seus afluentes). Só a parte española abarca 17.614 km² de territorio, en 210 municipios de Galicia, Asturias e Castela-León (aínda que o 77% da superficie pertence a Galicia).

Na presentación os poñentes presentan unha serie de obxectivos da comisaría de augas da CHMS, englobados en oito apartados, con exemplos de intervencións (nas que se presentaba a situación inicial e final) nos que a cuberta vexetal xogou un papel fundamental. Aplicáronse técnicas de bioenxeñería que utiliza sobre todo se-

mentos, plantas e comunidades vexetais, sos ou en combinación con materiais inertes como a pedra, terra, madeira, ferro ou aceiro como materiais construtivos.

Os obxectivos explicados e os exemplos que os ilustran foron os seguintes:

1. Recuperar a continuidade lonxitudinal do sistema fluvial. Exemplos: mellora do estado ecolóxico do río Barbaña, no casco urbano de Ourense e a mellora do estado ecolóxico do regato da Castellana do Polígono Industrial de San Cibrao, en Ourense.
2. Incrementar a conectividade lateral do cauce coas súas ribeiras e chaira de inundación. Exemplo: mellora do estado ecolóxico do regato da Castellana do Polígono Industrial de San Cibrao, en Ourense; I+D+i de restauración e bioenxeñería no río Tamuxe, O Rosal (Pontevedra).
3. Mellorar a conectividade vertical do cauce co seu medio hiporreico. Exemplos mellora do estado ecolóxico do Regueiro da Rúa, na Rúa de Valdeorras (Ourense).
4. Recuperar a morfoloxía do cauce considerada natural ou establecida como de referencia. Exemplos: mellora do es-

tado ecolóxico do río Sil en La Martina, Ponferrada (León).

5. Mellorar a composición e estrutura da vexetación das ribeiras. Exemplos: mellora do estado ecolóxico do río Chamoso, O Corgo (Lugo) e mellora do estado ecolóxico dun regato en Cabeza de Campo, Corullón (León).

6. Mellorar os hábitat e recuperar as comunidades piscícolas. Exemplos: mellora do estado ecolóxico do río Limia, Xinzo de Limia (Ourense) e mellora do estado ecolóxico do río Cerradas en Goián, Tomiño (Pontevedra).

7. Diminución dos efectos negativos das inundacións e defensa contra procesos erosivos. Exemplos: mellora do estado ecolóxico do río Boeza, Igueña (León); mellora do estado ecolóxico do río Sil en La Martina, Ponferrada (León); mellora do estado ecolóxico do río Lonio no lugar de Mende (Ourense) e mellora do estado ecolóxico do río Miño en Outeiro de Rei (Lugo)

8. Mellorar o uso social do río e recuperar o patrimonio cultural asociado. Exemplos: mellora do estado ecolóxico do regato da Castellana no Polígono Industrial de San Cibrao (Ourense); mellora do estado ecolóxico do río Tamuxe en Loureza, Oia (Pontevedra) e mellora do estado ecolóxico do río Boeza en Igueña (León).

Para finalizar, expúxose un resumo do Programa Life “Regenera Limia”, no que participa a CHMS.

Na comarca de A Limia, a actividade agrícola e gandeira teñen gran influencia

na economía e na propia configuración da paisaxe e o espazo. O resultado da intensificación destas actividades conleva á degradación do medio acuático, por exemplo, no encoro das Conchas (augas abaixo da zona), onde se observan episodios de crecemento intenso de cianobacterias e eutrofización, principalmente como consecuencia do exceso de fertilizantes (orgánicos e químicos) e de residuos gandeiros.

O Programa Life “Regenera Limia” ten como obxectivos:

1. Demostrar que é posible unha mellor xestión agrícola (sistema de control integrado de fertilizantes e abonos).

2. Desenvolver solucións alternativas para a xestión de residuos gandeiros e reducir o seu impacto no ambiente, apostando por humedais artificiais intensivos de macrófitos como forma natural da depuración.

3. Demostrar que a recuperación ambiental de cauces fluviais modificados e a rexeneración e reconexión de sistemas lagunares contribúen a reducir a presenza de nutrientes na auga e a eutrofización á vez que se recuperan os ecosistemas.

4. Mellorar a información entre profesionais do sector agropecuario en cuestións relativas á fertilización e usos de abonos e sensibilizar sobre o efecto que estes teñen no solo e auga da comarca.

5. Promover o impacto ampliado dos resultados.

Estes obxectivos tentan acadarse coas seguintes accións:

1. Sistema de control integrado de xestión de fertilizantes e abonos en solos agrarios (SCIGFASA). Trátase dun instrumento para dosificar e previr o abuso na fertilización das terras, tanto de abonos orgánicos como químicos, informando ao agricultor da situación de estes en cada solo.

2. Desenvolvemento dun sistema de lagunaxe artificial de baixo custo para o tratamento de puríns. Inténtase tratar as augas residuais procedentes de puríns de porcino mediante humedais artificiais intensivos de macrófitos, como forma natural de depuración, así como a súa posterior reutilización como auga de rego.

3. Recuperación e rehabilitación de antigas chairas de inundación do río Limia. Trátase de favorecer a conectividade do río Limia e a súa chaira aluvial, recuperando o seu trazado natural orixinario que fora rectificadado artificialmente (Veigas de Ponteliñares, Rairíz de Veiga). Isto mellorou a calidade das augas (filtro verde) e recuperou ecosistemas.

4. Recuperación e integración no ciclo hidrolóxico de charcas areeiras abandonadas para a xeración dun sistema lagunar que potencie a capacidade de filtrado do curso fluvial. Trátase de crear un sistema lagunar naturalizado para mellorar a asimilación de nutrientes polo medio, ademais de xerar novos hábitats.

ANEXO II.2

XESTIÓN TRANSFRONTEIRIZA PARA A CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE

José A. Amoeiro Mosquera

Xestor da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés

<https://www.reservabiosferageresxures.eu/gl>

Nesta presentación analízase a situación da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, que é un espazo de montaña na que os valores de conservación son moi relevantes, e que se intentan compatibilizar con valores de uso tradicionais. As características que fan deste espazo de especial interese é o seu carácter transfronteirizo, que supón un reto de gobernanza e administración, así como a súa

elevada dimensión e a súa convivencia con actividades tradicionais, que non só poden senón que deben compatibilizarse coas necesarias medidas de conservación.

As Reservas da Biosfera foron definidas no ano 1974, no marco do Programa O Home e a Biosfera (Men and Biosphere) da UNESCO como "Territorios que albergan importantes valores naturais, aos que

se suma o patrimonio cultural existente e onde a poboación manifesta a vontade de aplicar un modelo de desenvolvemento respectuoso con ditos valores” (1974). O eixo vertebral do programa é o COMPROMISO, comezando pola poboación local que acepta implicarse nun modelo de desenvolvemento compatible cos valores do seu territorio e a súa conservación a longo prazo.

En Galicia hai seis Reservas da Biosfera: (1) Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo; (2) Río Eo, Oscos e Terras do Burón; (3) Terras do Miño; (4) os Ancares lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá; (5) Terras do Miño e (6) a Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés.

A Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés foi aprobada o 26 de Maio de 2008, polo Consello Internacional de Coordinación do Programa da UNESCO sobre o home e a biosfera. Abarca unha extensión de 62.878,4 ha, das cales 10.721,5 ha son zonas núcleo, 19.311,5 ha son zonas tampón e 32.845,4 son zonas de transición. Abarca territorios dos concellos de Lobios, Entrimo, Muíños, Calvos de Randín, Lobeira e Bande, en España, e en Portugal, de Melgaço, Arcos de Valdevez, Ponte da Barca, Terras de Bouro e Montalegre. Na reserva están representados 29 tipos de hábitats de interese comunitario, dos cales 6 son considerados prioritarios.

O Plan de Acción Común da reserva 2015-2020, aprobado en 2015, está deseñado en base a catro eixos prioritarios de actuación: imaxe e identidade, desenvolvemento socioeconómico, conservación da natureza e participación social/integración da comunidade e dos actores que interveñen na reserva da biosfera transfron-

teiriza.

Dentro da eixo 1 (Imaxe e identidade), a proposta de accións engloba tanto diferentes aspectos da comunicación e imaxe (web, soportes de divulgación e comunicación, logotipo e manual de identidade, programa ambiental cultural, etc.) como o posicionamento internacional e traballo en rede (organizando e participando en proxectos de colaboración e eventos de carácter nacional e internacional).

Pola súa importancia imos presentar as accións englobadas nos Eixos 2 e 3. Comezaremos polo Eixo 2: Desenvolvemento Socioeconómico, con accións agrupadas en tres grandes liñas de actuación:

1. Conservación e valorización do patrimonio cultural material e inmaterial.

- a. Restauración e valorización dos elementos do patrimonio arquitectónico (núcleos rurais tradicionais, foxos, cabanas, canastros, etc.)
- b. Coñecemento e interpretación do territorio.
- c. Restauración e valorización do patrimonio arqueolóxico.
- d. Interpretación do patrimonio arqueolóxico industrial.
- e. Recuperación e promoción do patrimonio cultural inmaterial.

2. Accesibilidade/mobilidade.

- a. Creación de condicións para persoas con mobilidade reducida.
- b. Mellora de infraestruturas de acceso a núcleos poboacionais e locais de interese turístico.

3. Promoción do turismo sostible.

- a. Valorización de infraestruturas de deporte de natureza (actividades náuticas, BTT, pesca deportiva, etc.)
- b. Valorización de infraestruturas de turismo de natureza.
- c. Implementación de sistemas de control de tráfico e promoción de utilización de transportes alternativos.
- d. Manutención e valorización da rede de sendeiros.
- e. Promoción e valorización do territorio recorrendo a novas tecnoloxías de comunicación e multimedia.

Dentro de Eixo 3, Participación social e Integración da comunidade e actores que interveñen na reserva, podemos destacar dúas liñas de actuación básicas e as súas correspondentes accións. Na liña 1, Capacitación e Sensibilización, a liña de acción proposta consiste na promoción de accións de sensibilización e formación dirixidas ás poboacións e axentes locais e a liña 2, Información Pública e Participación Social, as liñas consisten en desenvolver xornadas de presentación pública do plan de acción conxunto e realizar eventos e workshops coas poboacións.

Nas reservas de Galicia, en relación cos servizos de ecosistemas preséntanse as

seguinte táboas. Nelas refléxase o estado dos servizos de provisión, produción ou abastecemento, na primeira táboa, os servizos de regulación e soporte, na segunda, e os servizos culturais, na terceira (ademais, para as zonas núcleo, de amortiguación e de transición).

Na primeira táboa, centrándonos na reserva Gerês-Xurés (aínda que se observan tendencias similares en todas as reservas galegas), destacan servizos en tendencia decrecente como o pastoreo extensivo, a produción de madeira de bosques nativos e bosques seminaturais (en contraste co incremento da madeira de formacións intensivas), os prados seminaturais, os brezais, piornedos, as plantas medicinais, e a recollida de especies silvestres.

No caso dos servizos de soporte e regulación atópanse numerosos riscos. Así están en tendencia decrecente na reserva, o control do clima pola vexetación, a capacidade de autodepuración e a regulación biolóxica, mentres se incrementan os riscos naturais, expándense as especies alóctonas, obsérvanse tamén cambios no réxime hídrico e maiores efectos das anomalías climáticas, así como unha maior eutrofización e esgotamento do ciclo de nutrientes. No caso dos servizos culturais, mantéñense os de carácter tanxible en detrimento dos intanxibles .

ANEXO II.3

O MONTE, A NOSA HISTORIA VIVA. ARQUEOLOXÍA E PATRIMONIO NATURAL

Xosé Lois Vilar Pedreira

Arqueólogo e historiador, especialista en toponimia e arqueoloxía . Membro da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) dende a súa fundación, presidente de SOS Groba, coordina as Xeiras do verán do IEM.

Xilberte Manso de la Torre

Activista cultural e ecoloxista, membro da Xunta de Goberno do IEM dende a súa fundación, vicepresidente da asociación ecoloxista SOS Groba e estudoso da etnografía.

<https://iem.gal/>

Galicia está a sufrir nos últimos anos unha grande transformación, o que leva a que a perda de usos tradicionais e de poboación no rural. É necesaria una adaptación porque as potencialidades son moitas e a chave está en saber acertar no desenvolvemento de actividades multifuncionais que a un tempo sexan sostibles e duradeiras, e que vaian debuxando un monte do que poidamos estar orgullosos e que as xeracións futuras poidan aproveitar e gozar. Existen múltiples posibilidades de xerar recursos a partires das función ambientais, paisaxísticas e como espazo de ocio, onde o patrimonio cultural e arqueolóxico que está no monte xoga un papel fundamental. Dende a experiencia persoal dos autores organizando actividades no monte, despois de vinte anos de organizar actividades no monte, salientase o grave perigo que se está a dar na destrución deste patrimonio en moitas das intervencións que se levan a cabo sen ter en conta as medidas de cautela que, a pesares de que a lei as esixe, en moitos casos non se cumpren.

Comezaremos identificando os diferentes elementos do Patrimonio Cultural, tanto inmaterial como material. Dentro do patrimonio material podemos mencionar os usos do monte, os costumes, os contos,

as lendas, a historia e a toponimia. Dentro do patrimonio material, podemos falar de patrimonio etnográfico, que englobaría o ciclo da auga (muíños, levadas, presas, batáns,...), e de patrimonio arqueolóxico, integrado polo patrimonio paleolítico, as mámoas, o arte rupestre, os castros, o patrimonio romano (asentamentos, minas, campamentos, etc.) e as torres e castelos medievais. Sobre este patrimonio apórtase un esquema das necesidades básicas para darlle valor e visibilizalo, comezando por (1) o estudo, catalogación e limpeza; (2) a musealización, tanto virtual como física, e (3) a divulgación, á veciñanza, a estudantes e ao público en xeral.

Vistos os valores e as necesidades, para a súa posta en valor existen unha serie de atrancos e situacións que dificultan esa necesaria intervención no monte para una mellor xestión e aproveitamento o patrimonio cultural e natural. Aquí podemos destacar, en primeiro lugar, o descoñecemento, seguido pola destrución e desatención e falta de recursos para a súa conservación. Tamén constitúe unha dificultade importante a lentitude e ineficacia da administración así como a ausencia de coordinación entre administracións que traballan ou controlan o monte. Para finalizar, unha eiva persisten-

te é a necesidade de formación dos axentes e os escasos medios dos que dispoñen.

Estes retos deben ser afrontados con decisión, imaxinación e aproveitamento de todos os recursos, humanos e materiais que podemos atopar nunha comunidade, dende a máis pequena aldea ou lugar, o concello, mancomunidades, asociacións culturais, veciñais, empresariais e fundamentalmente comunidades de montes que son as xestoras dun dos maiores e mellores patrimonios que temos no noso país. Neste senso existen novos xeitos de xestión patrimonial coa necesaria perspectiva de multifuncionalidade, que inclúen:

1) DIFUSIÓN

- a) Novas tecnoloxías (aplicación informática)
- b) Páxinas web
- c) Publicacións, folletos, mapas, roteiros
- d) Libros de texto e unidades didácticas para os diversos niveis educativos

2) INFORMACIÓN A TÉCNICOS, XUNTAS REITORAS, GUARDAS,...

- a) Plans de recursos
- b) Guía de recursos dispoñibles nas webs oficiais e privadas.

3) FORMACIÓN

- a) Guías formativas
- b) Cursos de formacións e xornadas prácticas.

4) CONCIENCIA DE SUSTENTABILIDADE

5) MECENADO

ALGUNHAS EXPERIENCIAS DO IEM EN 20 ANOS RELACIONADAS CO MONTE

Todo o coñecemento debe ser transmitido e chegar a todos os niveis da poboación, especialmente os valores que ten o monte que non se compran ou venden, pero que posúen un grande valor engadido que ben xestionado complementa unha xestión do monte multifuncional e sostible. Un exemplo son as actividades levadas a cabo polo IEM, moitas delas en colaboración cos concellos, con Comunidades de Montes, con ANPAS, Institutos ou escolas.

AS XEIRAS DO IEM

Visitas guiadas por unha ruta deseñada na que se vai explicando o patrimonio natural ou cultural da man de especialistas. Sempre é interesante a visión temática variada, facendo fincapé nas partes que podemos ver relacionadas co esquema inicial na que reflectimos o variado patrimonio que posuímos. Ó remate da xeira o visitante coñecerá mellor a historia, a cultura e algúns dos elementos que ó longo do tempo foron mudando. Aprenderá valores de defensa da natureza e de posta en valor da xestión do patrimonio como motor da economía do rural e das aldeas. As visitas poden ser organizadas dende un ou varios colectivos e sempre se debe contar coa xente do lugar, cos propietarios e os usuarios históricos. Pódense complementar con outras actividades adaptadas e sempre incidirán no respecto polo patrimonio.

EXPOSICIÓN E PUBLICACIÓNS

Pódense realizar exposicións temáticas sobre certos valores que interese salientar e tamén aproveitar o rico patrimonio para ir recollendo en publicacións a historia ou os valores que escollamos. Un exemplo claro é o da toponimia. A toponimia é un dos patrimonios máis importantes que temos e que corre maior perigo de desaparición e deturpación. O patrimonio inmaterial segue unha regras distintas de xestión e catalogación que requiren de especialización e unha atención inmediata, pois ó perdérense os informantes máis vellos dun lugar desaparece con eles unha gran cantidade de información que non está recollida en documentos ou que non está xeorreferenciada, co que podemos atoparnos con documentos (testamentos, partillas, libros de actas, actas notariais, preitos,...) nos que atopemos nomes de lugares que non podemos emprazar por falla de referencias físicas ou testemuñas vivas. A recollida de toponimia é fundamental para a xestión dunha comunidade de montes, pois ademais de ser o patrimonio máis feble que ten a comunidade, é o que nos pode axudar máis na xestión cotiá pola información da que nos fornece.

As guías de recursos naturais, (árbores, cogomelos, fentos) flora e fauna do monte

A biodiversidade e niños biolóxicos concretos do monte, as aves, réptiles, insectos, mamíferos variados que poden habitar un bosque concreto, son cada vez máis, na sociedade moderna, centro de atención de visitantes e estudosos. Poden ser un com-

plemento para a xestión multifuncional. Temos exemplos en comunidades como as de Castela- León, Asturias e Cantabria, onde se fan visitas guiadas e se programan paquetes turísticos, de turismo consciente ou turismo ecolóxico, para ver lobos, ursos, berrea de cervos, aves,...

Conferencias, cursos e xornadas

Amosar o traballo no monte, ensinar modelos de xestión, propoñer e organizar actividades nas que o patrimonio cultural e natural sexan protagonistas. Dende unha simple conferencia sobre un elemento ou elementos patrimoniais, como pode ser un petróglifo, unha mámoa ou un camiño medieval que atravesa o monte, ata un campamento de verán para estudantes para documentar ou analizar unha área arqueolóxica, ou unha carballeira.

Publicacións variadas

Fotografías antigas sobre os usos do monte, as tarefas do campo, os oficios do monte. Os canteiros, os serradores, carboeiros, telleiros, muiñeiros, meleiros, ceireiros,... Publicacións sobre os petróglifos, pontes, muiños, pombais, outeiros, árbores senlleiras. Recollidas do vocabulario das tarefas do campo, dos oficios. A fala da parroquia, os nomes das cousas.

Festas etnográficas

Dende o ciclo do pan e da auga ata os curros de cabalos, son potenciais fontes de recursos ben xestionadas e coordinadas coa poboación do lugar e outras comunidades afectadas.

A grande variedade de recursos que podemos atopar nos montes ó longo da xeografía do país dá para ver un monte que está a ser transformado esquecendo moitas veces a súa función de regulador silan-

deiro da vida das comunidades que habitamos a carón del. Atinar na xestión é tarefa difícil e, as máis das veces, ingrata e custosa en tempo de adicación, pero é necesaria e fundamental para a sustentabilidade.

CONCLUSIÓN XERAIS E PROPOSTAS

EDELMIRO LÓPEZ IGLESIAS E ALBINO PRADA

1. NECESIDADE DE IMPULSAR UN USO DIVERSIFICADO DAS TERRAS DE MONTE, QUE RESPONDA ÁS DEMANDAS ACTUAIS DA SOCIEDADE

Á hora de abordar o futuro das terras de monte en Galicia, estas non poden seguir contemplándose só desde unha perspectiva sectorial forestal. O enfoque adecuado, ás tendencias a nivel europeo e ás demandas actuais da sociedade, é concibir o monte como elemento do desenvolvemento rural e da ordenación do territorio (unha óptica rural-territorial, que substitúa ou complementa a sectorial forestal).

Partindo dese enfoque, calquera deseño futuro esixe responder a catro cuestións principais:

- i. Que usos/ actividades deben desenvolverse nestas superficies.
- ii. Protagonizadas por que actores (persoas/ empresas).
- iii. Mediante que fórmulas de relación cos propietarios (dada a desvinculación da inmensa maioría dos propietarios das terras da xestión destas superficies).
- iv. Con que marco institucional e políticas públicas.

No relativo aos usos, parece evidente que no contexto actual é necesario (re)

construír un aproveitamento multifuncional das terras de monte, non como o que había no sistema agrario tradicional, senón adaptado ás condicións e demandas actuais da sociedade. Nese aproveitamento multifuncional han de ter cabida usos moi diversos: obtención de madeira a partir de especies de crecemento rápido, produción de madeiras de calidade, gandeiría extensiva, pequenos froitos, aproveitamento da biomasa e outras fontes de enerxía renovable, funcións ambientais, fins recreativos e como espazo de lecer. Todos eses usos son compatibles, pero cunha adecuada ordenación.

Deses diversos usos, os que implican a produción de bens e servizos para o mercado teñen que ser retribuídos polo mercado. Polo tanto, ben sexan os propietarios das terras ou outras persoas ou empresas, deben ser capaces de elaborar produtos en condicións adecuadas de calidade e prezo. Disto dependerá o futuro desas producións e dos usos da terra aos que están ligadas. Pero existen funcións das superficies de monte cada vez máis demandadas (ambientais, sociais) que non remunera o mercado. En consecuencia, estas teñen que ser retribuídas polo

conxunto da sociedade a través de transferencias públicas (pagos ambientais, pagos a superficies en zonas Natura 2000 e outros mecanismos).

Do anterior despréndense dous corolarios: i) os usos futuros do monte non poden configurarse de espaldas ao mercado pero tampouco poden deixarse só en mans do mercado e de determinados intereses privados; ii) para que eses usos respondan ás demandas sociais é necesario incorporar nas políticas públicas mecanismos que retribúan as funcións

non remuneradas polo mercado (bens públicos).

En calquera caso, cómpre ter claro un principio: todo o que pretendamos que produzan as terras de monte ten que ser pagado por alguén e, polo tanto, ha de responder a unha demanda social real. Non serven os usos impostos aos propietarios sen unha adecuada retribución. Pero tampouco as alternativas puramente voluntaristas, que non contan con viabilidade económica nin responden a unha demanda social de certa entidade.

2. A COMPLEXA RELACIÓN ENTRE A DINÁMICA DEMOGRÁFICA DAS ÁREAS RURAIS E OS USOS DO MONTE

O desexable é que a mellora da ordenación e xestión das superficies de monte se acompañe dunha revitalización demográfica e socioeconómica das áreas rurais e se apoie nela. Pero hai que ter claro que a relación entre ambos procesos non é actualmente directa nin simple.

Até as décadas centrais do século XX existía en Galicia unha vinculación estreita entre poboación rural e espazo rural: os habitantes de cada parroquia, a inmensa maioría agricultores, tiñan a súa base económica no aproveitamento do espazo agroforestal circundante. Nos últimos decenios, porén, asistimos, igual que en toda Europa, a unha separación crecente entre poboación rural e espazo rural. Separación que ten a orixe en dous fenómenos: a desagrarización da poboación rural (a desvinculación da maior parte da poboación rural do traballo da terra) e o forte incremento da súa mobilidade xeográfica

(a ruptura entre o lugar de residencia e o de traballo).

A consecuencia é que na actualidade non existe unha relación directa e simple entre despoboamento e abandono de terras; nin tampouco, en sentido contrario, entre dinamismo demográfico das áreas rurais e adecuado aproveitamento das superficies. Desta realidade derívanse consecuencias importantes aos nosos efectos:

- a. A revitalización demográfica e socioeconómica das áreas rurais non asegura por si mesma una adecuada ordenación e xestión das terras de monte; esa revitalización non constitúe unha condición suficiente. Isto é aplicable sobre todo aos espazos periurbanos, o que obriga a preguntarse polas fórmulas de xestión futura das superficies de monte nestes espazos.

b. En sentido contrario, a revitalización demográfica e socioeconómica do medio rural non é sempre condición necesaria para o adecuado aproveitamento do monte, xa que a explotación das terras pode ser realizada por persoas ou empresas que non teñen a residencia habitual na zona. En relación con isto, debemos preguntarnos se nas comarcas cun despoboamento máis acusado non resulta inevitable asumir que a xestión das terras de monte será realizada no futuro, polo menos en boa medida, por persoas ou empresas non residentes na zona; sendo complementadas esas actividades

privadas pola xestión pública de amplos espazos naturais protexidos. Admitindo que isto non constitúe o horizonte ideal, a cuestión é que alternativas viables existen para a xestión do monte nestas comarcas.

c. En calquera caso, para todas as comarcas, a mellora da ordenación e xestión do monte vai esixir conciliar os intereses de tres colectivos, que até mediados do século XX podían case asimilarse pero cada vez coinciden menos: os residentes na zona, os propietarios das terras e as persoas ou empresas interesadas no seu aproveitamento.

3. CONDICIONANTES DERIVADOS DA ESTRUCTURA DA PROPIEDAD: TRES TIPOS DE TERRAS DE MONTE CON CARACTERÍSTICAS E PROBLEMÁTICAS MOI DIFERENTES

Un elemento esencial que condiciona a xestión das terras de monte en Galicia é a estrutura da propiedade, unida ao marco institucional sobre os dereitos asociados á propiedade da terra. Neste aspecto, porén, é necesario distinguir tres tipos de superficies de características diferentes, que se enfrontan a problemáticas tamén diferentes:

a. Superficies de monte particular integradas en explotacións agrarias: 8% do territorio, unhas 240.000 ha.

Estas superficies, pertencentes na súa maioría a agricultores e as súas familias, están divididas entre miles de propietarios. Ademais, excepto nas zonas onde se concluíu a concentración parcelaria

e esta incluíu o monte, manteñen unha elevada fragmentación e deficiencias no acceso ás fincas, o que dificulta un adecuado aproveitamento. Fronte a eses problemas, estas terras presentan unha vantaxe: a súa xestión (para usos forestais, agrogandeiros ou outras producións) pode ser realizada por agricultores en activo que permanecen no territorio.

b. Terras de monte particular pertencentes a propietarios non agricultores: 39% da superficie de Galicia, ao redor de 1.150.000 ha.

Estas terras presentan dous grandes obstáculos para unha adecuada ordenación e explotación. Por unha banda, sofren unha división da propiedade simi-

lar aos terreos de cultivos e pastos, ou mesmo máis acusada. A iso únese que a inmensa maioría dos propietarios están desvinculados da xestión das superficies, mentres que é moi pequeno o colectivo dos que podemos considerar silvicultores profesionais.

Eses condicionantes teñen dous efectos: i) unha enorme dificultade para constituír unidades de produción viables, xa que isto esixe integrar as terras dun elevado número de propietarios; ii) a debilidade da iniciativa empresarial dos silvicultores profesionais, que son os que poderían mobilizar as terras para a produción forestal (en explotacións individuais ou promovendo fórmulas de xestión colectiva).

c. Montes veciñais en man común (MVMC): terras de propiedade privada colectiva pertencentes a unhas 3.000 comunidades, que suman 663.500 hectáreas (23% do territorio).

Ao contrario dos dous grupos anteriores, estamos aquí ante unidades en xeral de elevado tamaño e sen problemas de fragmentación parcelaria. Segundo os datos da Consellería do Medio Rural, a superficie media dos 3.326 MVMC con-

tabilizados en 2019 (pertencentes a 2.992 comunidades) ascendía a 219,5 ha. Pero estes montes veciñais enfróntanse a outros condicionantes, que contribúen a un elevado abandono ou subutilización: a regresión e débil estrutura demográfica da maioría das comunidades propietarias, a escasa vinculación da maior parte dos comuneiros coa explotación do monte (dada a desagrarización do medio rural) e a inadecuación do marco legal e as políticas públicas nas décadas recentes.

Os tres tipos de terras de monte que acabamos de citar son de propiedade privada: propiedade individual ou societaria nos montes particulares, propiedade privada colectiva nos MVMC. Neste sentido, como se destaca habitualmente, a superficie forestal de propiedade pública é en Galicia case insignificante. Pero debemos resaltar que non sucede o mesmo para a superficie de xestión pública. Con datos de 2019, a Xunta de Galicia, a través dos servizos forestais, xestiona directamente unhas 290.000 ha, preto do 15% da superficie forestal. Unha importante capacidade de intervención que corresponde na súa grande maioría a terreos pertencentes a comunidades de MVMC xestionados pola Administración, a través de convenios ou antigos consorcios.

4. ALGUNHAS PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

4.1. Directrices e medidas transversais

Dadas as deficiencias que presenta a xestión das terras de monte en Galicia, resulta imprescindible abordar unha refor-

ma estrutural adaptada ás necesidades actuais. Reforma non centrada na propiedade, senón nos usos; que, sen alterar a distribución da propiedade, impulse a mobilización produtiva e un adecuado aproveitamento destas superficies.

Máis alá do contido concreto, as medidas deben estar presididas por catro elementos a modo de directrices transversais:

a. Unha ordenación efectiva dos usos do solo, que delimite as terras urbanizables, as de vocación forestal —cunha ordenación por especies— e as reservadas para cultivos e pastos. E que regule tamén a localización doutras actividades económicas, ademais de incorporar unha adecuada delimitación e mecanismos de apoio aos espazos naturais protexidos.

Dentro desa ordenación dos usos do solo, resulta urxente acometer en concreto a planificación e ordenación das superficies e recursos forestais nos 19 Distritos Forestais, a través da elaboración dos correspondentes PORF (Plans de Ordenación dos Recursos Forestais).

b. A configuración, na lexislación e nas políticas públicas, dun novo equilibrio entre propietarios e usuarios das terras. Un novo equilibrio que priorice os proxectos de aproveitamento (sempre que estean acordados coa ordenación de usos aprobada), fronte aos dereitos de propiedade; sobre todo os daqueles que se limitan a manter as terras en estado de abandono ou de degradación produtiva e ambiental.

c. A coherencia dos incentivos das distintas políticas públicas coa ordenación de usos aprobada, corrixindo a fragmentación e contradicións entre as políticas sectoriais que seguimos encontrando na actualidade.

d. Dado que a inmensa maioría das su-

perficies de monte en Galicia son de propiedade privada, a mellora do seu aproveitamento debe ser protagonizada pola iniciativa privada, e corresponderá ás institucións públicas establecer o marco regulador e os incentivos adecuados. Pero isto debe acompañarse dunha xestión pública directa, pola Xunta de Galicia, de determinadas superficies, como os MVMC abandonados para os que non existan outras alternativas ou certos espazos naturais protexidos.

No marco definido por esas directrices transversais, deberían ter cabida medidas como as seguintes:

- Axilizar as declaracións de situación de grave abandono de montes particulares e veciñais, para proceder ao seu traspaso e xestión cautelada polo Banco de Terras de Galicia. O que debe culminar coa cesión posterior destas superficies a persoas, empresas ou outras entidades interesadas na súa xestión; priorizando os residentes no territorio (para os MVMC outras comunidades ou mancomunidades próximas).

- Estudo detallado dos usos e a xestión das áreas forestais que non se viron afectadas por incendios nos últimos dez anos, para detectar boas prácticas; tratando despois de emular esas prácticas, a través de proxectos piloto, nas áreas de maior risco de incendio. A idea é un cambio de perspectiva: deixar de centrarse no que se queima (como guía a curto prazo para organizar as medidas de extinción), para pasar a facelo no que non arde (como orientación para as políticas a medio e longo prazo).

- Nunha liña similar, é esencial tamén detectar e sistematizar as mellores prácticas en canto a reestruturación parcelaria, xestión en común de terras de monte particular e experiencias innovadoras en comunidades de MVMC. Como base para o deseño das futuras políticas públicas da Xunta de Galicia.

- Desde a perspectiva da demanda, debe prestarse atención ao impulso de novos usos da madeira a partir das posibilidades abertas polas innovacións tecnolóxicas, contando como elemento de arrastre inicial coa aplicación en proxectos do sector público.

- Recuperación, a través de mecanismos fiscais, de rendas procedentes das concesións hidroeléctricas ou eólicas para revertelas en investimentos produtivos e de protección nas terras de monte, mediante un Fondo Forestal ou Fondo de Promoción dun Monte Sustentable. Fondo que debería ser xestionado en principio pola Xunta de Galicia, podendo contar tamén coa implicación dos concellos e outras entidades (como as mancomunidades de MVMC e as asociacións de propietarios forestais).

4.2. Accións específicas nos diferentes tipos de superficies de monte

A esas medidas transversais cabe engadir algunhas propostas específicas para os tres tipos principais de terras de monte.

a. Superficies de monte particular con potencial agrogandeiro

Cuestións a resolver:

- Mobilizar as superficies abandonadas, e impulsar que as terras que fiquen liberadas nos anos próximos (pola desaparición de explotacións) se incorporen ás explotacións activas (a través de compravenda ou arrendamento).

Medidas:

- Penalización aos propietarios de terras abandonadas.
- Reforma da normativa sobre arrendamentos rústicos.
- Reactivación do Banco de Terras.
- Impulso da fórmula dos polígonos agroforestais.
- Modificación dos apoios aos investimentos das explotacións agrarias, para estimular os sistemas produtivos ligados á terra (por exemplo, no sector lácteo e na carne de vacún).
- Utilización dos pagos agroambientais e outras axudas (ecoescquemas) para estimular esa reorientación dos sistemas produtivos.

b. Terras de monte particular de aptitude forestal

Cuestións a resolver:

- Regulación e potenciación de fórmulas que permitan constituír unidades produtivas viables, a través da agrupación das terras de distintos propietarios.
- Consolidación dun segmento máis potente de silvicultores profesionais.

Medidas:

-Reforzamento das medidas que penalicen aos propietarios de superficies de monte abandonadas. Accións específicas para as terras de propietario descoñecido.

-Impulso doutras figuras ou fórmulas de xestión en común das superficies forestais, que complementen as Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR).

-Tratamento fiscal adecuado para as rendas obtidas da produción forestal.

-Reforma dos apoios públicos aos investimentos forestais: prioridade á mellora das superficies arboradas fronte ás novas plantacións; porcentaxe de subvención adecuada a un investimento empresarial, priorizando os silvicultores activos.

-Apoio ás iniciativas empresariais noutras actividades complementarias da forestal (gandeiría extensiva, castaña, pequenos froitos, ...).

c. Montes Veciñais en Man Común

Cuestións a resolver:

-Para as comunidades de MVMC cunha base demográfica relativamente

sólida: como incentivar a mobilización produtiva das terras, ben sexa directamente pola comunidade ou mediante fórmulas de cesión (a comuneiros ou a outros axentes/ empresas) ?

-Para as comunidades de MVMC non constituídas ou que non funcionan: quen vai asumir a xestión destas terras, a través de que vías e para que usos ?

Medidas:

-Novo marco legal que, consolidando a propiedade veciñal, favoreza en maior medida a posta en produción das terras.

-Reforma da política de convenios/ consorcios, para que a intervención directa da Xunta de Galicia se centre nos montes abandonados ou con maiores valores ambientais a protexer.

-Apoio ás iniciativas empresariais, tanto forestais como noutras actividades (gandeiría extensiva, pequenos froitos, ...), baseadas nestas superficies.

-Medidas específicas para os MVMC abandonados, coa implicación do Banco de Terras e que prioricen o seu aproveitamento por axentes da zona.

Documentos do Foro Económico de Galicia

Un dos obxectivos fundamentais do Foro é poñer á disposición da Sociedade unha colección de documentos onde se conxuga a análise da situación actual con propostas de cambio e mellora. Os documentos pretenden contribuir a enriquecer o debate público en materia económica en Galicia. A responsabilidade de cada documento é das persoas que o asinan. O Foro só asume a responsabilidade sobre os documentos consensuados e asinados polo colectivo. Dende Marzo de 2014 ata Decembro de 2018 o editor dos documentos foi Albino Prada Blanco; dende Xaneiro de 2019 o editor é o membro nato do Foro, José Francisco Armesto Pina.

Documentos publicados

31/2020-

O monte galego do Século XXI

30/2020-

El sector Fintech: propuesta para desarrollar un HUB en Galicia

29/2020-

Innovación y Tecnologías Inteligentes

28/2019-

Infraestructuras Viarias: Inversión y Tarifación

27/2019 -

Planificación e proxección do sector vitivinícola de Galicia:

Realidade, desafíos e retos

26/2018 -

Os retos para a Galicia do Século XXI

No sistema europeo de transporte marítimo-terrestre

25/2018 -

El impacto de la reestructuración bancaria sobre la concentración y la exclusión financiera en España y Galicia

24/2018 -

Turismo Rural: diagnose e propostas

23/2018 -

Diagnóstico actual e propostas de futuro para a dixitalización en Galicia

Documentos publicados

22/2017 -

Unha estratexia para a Galicia rural do século XXI.
Diagnóstico e propostas para o debate

21/2017 -

Unha estratexia industrial para Galicia.

20/2017 -

Desafíos dunha sociedade avellentada e en declive: Desequilibrios territoriais e prestación de servizos.

19/2017 -

Galicia diante da reforma do sistema de financiamento autonómico.

18/2016 -

Novas demandas para o rural galego.

17/2016 -

A I+D+i Empresarial en Galicia: Dez mensaxes e unha proposta.

16/2016 -

Galicia, a perspectiva internacional.

15/2016 -

La formación profesional dual en España.

14/2016 -

O capital risco e outras fontes alternativas de financiamento das empresas galegas.

13/2015 -

O Complexo Lácteo Galego nun mercado liberalizado. Extratexias e políticas ante a desaparición do sistema de cotas na UE.

12/2015 -

Sobre o risco de estancamento na economía Europea.

11/2015 -

Os cambios no modelo territorial: o seu impacto fiscal en Galicia.

10/2015 -

O sector forestal en Galicia: problemática actual e perspectivas futuras.

9/2014 -

Desequilibrio exterior, modelo competitivo y recuperación económica.

8/2014 -

Galicia: bases para una estrategia marca-país y líneas de trabajo para su acción exterior.

7/2014 -

¿Qué futuro demográfico nos agarda e como pode incidir no noso benestar?

6/2013 -

Internacionalización, políticas y crecimiento.

5/2013 -

Mejorando la Eficiencia de la Política de infraestructuras.

4/2013 -

O fondo de compensación interterritorial: Unha proposta desde Galicia.

3/2013 -

O sector alimentario en Galicia: desafíos e oportunidades. Cales deben ser as prioridades?.

2/2013 -

Análisis y propuestas para una estrategia de futuro para el sector naval en Galicia.

1/2013 -

Chaves para o aproveitamento marítimo -Portuario- Loxístico de Galicia.

Documentos descargables en:

<http://www.foroeconomicodegalicia.es>



www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS

<p>//ABANCA</p>	<p>ASOCIACION GALLEGA  DE LA EMPRESA FAMILIAR</p>	<p><i>Casal de Armán</i></p>
<p>civisglobal construimos entorno</p>	<p></p>	<p>CTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA</p>
<p>Domus  Cuidamos personas en buena compañía</p>	<p>Galuresa Algo más que gasolineras</p>	<p> Hierros AÑÓN, S.A.</p>
<p></p>	<p> JEALSA</p>	<p> MEGASA</p>
<p>Naturgy </p>	<p> Grupo Nogar</p>	<p> PÉREZ RUMBAO</p>
<p>Revi</p>	<p>Rodiñas </p>	<p> Rodman</p>
<p>CONSORCIO ZONA FRANCA VIGO</p>	<p>Grupo de investigación GEN Universidade de Vigo</p>	



//ABANCA

O MONTE GALEGO DO SÉCULO XXI

DOCUMENTO 31 / 2020

EDITORES:
ALBINO PRADA
EDELMIRO LÓPEZ IGLESIAS